INGLÉS	GO FARI3 STUDENT'S PACK GO FARI3 ACTIVITY PACK	RICHMOND	978-84-6683-6555 978-84-6683-6630

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/24			
Código de centro:15004991		Denominación do centro: CEIP Cidade Vella	
Enderezo: Ferrerías, 1		Concello: A Coruña	
Correo electrónico: ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal		Teléfono: 881960701	
LIBROS DE TEXTO DE 4º EP			
MATEMÁTICAS 4	OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-143-1980-2
LENGUA E LIT. CASTELÁN	CONSTRUYENDO MUNDOS	SANTILLANA	978-84-144-0738-7
LINGUA E LIT. GALEGA	CONSTRUINDO MUNDOS	OBRADOIRO	978-84-9185-705-1
CIENCIAS SOCIAIS	CONSTRUINDO MUNDOS	OBRADOIRO	978-84-9185-698-6
CIENCIAS NATURAIS	CONSTRUINDO MUNDOS	OBRADOIRO	978-84-9185-692-4
INGLÉS	GO FAR! 4 STUDENT'S PACK GO FAR! 4 ACTIVITY PACK	RICHMOND	978-84-668-3656-2 978-84-668-3664-7



Material didáctico para o curso 2023/24	
Código de centro:15004991	Denominación do centro: CEIP Cidade Vella
Enderezo: Ferrerías, 1	Concello: A Coruña
Correo electrónico: ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal	Teléfono: 881960701
5º DE PRIMARIA PROXECTO E-DIXGAL. Non haberá libros de texto ao formar parte do Proxecto E/dixgal.	

Material didáctico para o curso 2023/24	
Código de centro:15004991	Denominación do centro: CEIP Cidade Vella
Enderezo: Ferrerías, 1	Concello: A Coruña
Correo electrónico: ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal	Teléfono: 881960701
6º DE PRIMARIA PROXECTO E-DIXGAL. Non haberá libros de texto ao formar parte do Proxecto E/dixgal.	



8. ACTIVIDADES DO CENTRO.

8.1 PLAN DO EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (EACE).

1. OBXECTIVOS:

- Favorecer a aprendizaxe vivencial, significativa e participativa.
- Propiciar a relación do alumnado co contorno.
- Favorecer unha relación de convivencia adecuada e cunha comunicación fluida.
- Potenciar a capacidade de traballo en grupo e a autonomía, evitando a competitividade, fomentando a colaboración, o esforzo e a tolerancia á frustración.
- Favorecer a curiosidade, a sensibilidade e a creatividade.
- Fomentar a práctica do deporte, que vai propiciar unha vida saudable.
- Fomentar actividades lúdicas que propicien a motivación do alumnado.

2. FUNCIÓNS DO EQUIPO

- Elaborar o programa anual destas actividades para o que terán en conta as propostas dos niveis, dos mestres/as, dos pais/nais e as orientacións do Claustro e a Comisión de Coordinación Pedagóxica, así coma do Consello Escolar.
- Proporcionarlles aos alumnos/as e aos pais/nais a información relativa ás actividades do equipo.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co Claustro, a Comisión Pedagóxica, os niveis e a asociación de pais/nais, así coma cos demais equipos de Dinamizacións.
- Facilitar a colaboración dos restantes equipos nas diferentes actividades.
- Facilitar a difusión da realización das actividades, da súa avaliación e a reflexión do alumnado, respectando o dereito de protección de datos.
- Recoller unha listaxe de actividades realizadas que facilite aos docentes dos seguintes cursos a elección das actividades futuras.
- Coordinar a decoración das instalacións, acordes coas diferentes conmemoracións.



- Favorecer a comunicación e colaboración entre os diferentes equipos e coas familias, na planificación e realización das diferentes actividades do centro.

3. O EQUIPO.

O equipo de actividades extraescolares e complementarias está composto polos seguintes membros:

- Marta Rey Soto (Infantil). Coordinadora
- Mónica Vilar Casal (Infantil)
- Patricia González Fernández (Primaria).
- Nieves Fernández Rubiales (Relixión)

As reunións do equipo celebraranse un luns de cada mes, ademáis das que se precisen.

4. CONMEMORACIÓNS.

Das conmemoracións establecidas na orde 3 de maio de 2023 (DOG de 16 de maio de 2023), o equipo coordinará a celebración das seguintes:

Conmemoracións Primeiro Trimestre	
Día Infancia	20 de novembro.
Día Internacional contra a violencia de xénero.	25 de novembro.
Constitución/Estatuto.	28 novembro – 05 Decembro.
D. Intern. Persoas con discapacidade.	3 decembro.
Declaración DD.HH.	10 Decembro.
Conmemoracións Segundo Trimestre	
Día Escolar da non Violencia e da Paz	30 de xaneiro.
D. de Rosalía.	23 de febreiro.
Día Internacional da Muller	8 de marzo.
Dereitos Consumidor.	15 marzo.
Prensa (1 día con xornais).	4-08 marzo.
Conmemoracións Terceiro Trimestre	
Día das Artes Galegas.	1 abril.
Día da saúde.	7 abril.
Día do Libro.	Entre 22–26 de abril.
Día contra o acoso escolar.	2 maio.



Día de Europa.	9 maio.
Semana Letras Galegas.	Do 13 ao 17 de maio.
Día de Europa	9 de maio.
Día do Medio Ambiente	5 de xuño.

O tema do proxecto interdisciplinar deste curso para traballar de forma conxunta, tratará sobre os xogos e o deportes.

5. PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES EDUCATIVAS DO CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓNS.

Está prevista a posibilidade de realizar actividades ofertadas polas administracións locais, autonómicas, ou institucións que sexan de interese para o alumnado. Todas as actividades realizadas reflectiranse na memoria final.

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

- *Murais estacionais*: todo o centro de forma colaborativa elaborará os murais que representen as diferentes estacións colocando os mesmos na entrada do centro. Así, no primeiro trimestre (a principios de outubro) elaborárase o mural do outono, no segundo trimestre (a principios de xaneiro) elaborárase o mural do inverno e finalmente, no terceiro trimestre (a principios de abril) elaborárase o mural da primaveira.

- *Conmemoracións*: tras consensualo co resto de docentes, as conmemoracións serán levadas a cabo polos diferentes cursos, tendo en conta antes de asignalas as temáticas e as idades dos nenos e nenas, así:

- 3º e 4º de Educación Primaria serán os encargados e encargadas da conmemoración do Samaín/Magosto.

- 5º e 6º de Educación Primaria serán os encargados e encargadas da conmemoración do Día internacional Contra a Violencia de Xénero.

- Educación Infantil serán os encargados e encargadas da conmemoración do Nadal.

- 1º e 2º de Educación Primaria serán os encargados e encargadas da conmemoración do Día da Paz.



Así ata completar todas a conmemoracións (entroido, nadal...) do curso.

- *Música nas entradas e saídas*: Continuaremos coa selección de música para indicar a entrada e saída ao centro, así como a subida e baixada ao recreo. Serán escollidas polos nenos e nenas así como os mestres e mestras e o persoal non docente, a través dunha folla de rexistro na que se irán apuntando as propostas.

- *Formación do Grupo Vocal Cidade Vella*: Estará formado por nenos e nenas de terceiro curso en adiante, cunha participación voluntaria pero co compromiso de acudir aos ensaios, que será os luns de 11:30h a 12:20, é decir, o tempo de lectura e recreo, despois de merendar.

O Grupo Vocal Cidade Vella colaborará coa Asociación Cultural 3X4 no concerto MIP (Músicas Inclusivas e Participativas) e terá actuacións para o resto do alumnado e as familias, así como en outros lugares do contorno que poidan xurdir .

7. EXCURSIÓNS DE FIN DE CURSO:

Está previsto que Infantil, Primeiro e Segundo acudan a Marcelle, o 19 de xuño. O alumnado de sexto realizará unha viaxe de fin de etapa, do 6 ao 10 de maio, ao Camping Os Fieitás, no Grove. O resto dos cursos ten previsto realizar unha excursión de fin de curso, sen determinar de momento.

Realizárase calquera outra visita ou excursión que sexa de interese e que poida xurdir ao longo do curso, a petición do profesorado-titoría, coa autorización do equipo directivo e, en todo caso, co coñecemento posterior do Consello Escolar.

8. AVALIACIÓN.

A avaliación será continua e indicará os seguintes aspectos:

- O nivel de participación, implicación e interese do alumnado.
- O grado de cumprimento dos obxectivos propostos.
- A conexión das mesmas cos obxectivos xerais do centro.
- A posible continuidade das mesmas no próximo curso.



- Autoavaliación das actividades realizadas polo equipo, que elaborará un informe na memoria final no que se incluírán propostas de mellora.

8.2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA HERRERÍAS.

No curso 2023-2024 ofértanse as seguintes actividades:

Hª	Espazo	Luns		Martes		Mércores		Xoves		Venres	
		E. Infantil + 1º E. Primaria	2º - 6º E. Primaria	E. Infantil + 1º E. Primaria	2º - 6º E. Primaria	E. Infantil + 1º E. Primaria	2º - 6º E. Primaria	E. Infantil + 1º E. Primaria	2º - 6º E. Primaria	E. Infantil + 1º E. Primaria	2º - 6º E. Primaria
15:30-16:00	Aula relixión	Manualidades				Manualidades					
	Ximnasio			Fun English				Fun English		Fun English	
	Aula Informática		Manualidades		Fun English		Manualidades		Fun English		Fun English
16:00-17:00	Salon de actos			Sonicreques (Só Ed. Infantil)							
	Aula relixión		Inglés		Brain Factory (Aloha) (1º a 6º EP)	Inglés					
	Ximnasio	Baile Moderno	Baile Moderno	Judo		Predeporte		Judo			
	Pista Cuberta	Patinaxe (Dende 4 anos ata 1º EP)			Baloncesto (1º a 6º EP)		Patinaxe		Baloncesto (1º a 6º EP)	Fútbol (E1+1ºEP+2ºEP)	
	Aula Informática						Robótica (1º a 6º EP)			Pinta e crea	Ilustración e cómic
17:00-18:00	Salon de actos				Sonicreques (1º a 6º EP)						
	Ximnasio				Judo			Judo			
	Pista Cuberta									Fútbol (3º 4º 5º e 6º EP)	
	Aula Informática						Robótica (1º a 6º EP)				

9. PROGRAMAS DE FORMACIÓN.

Neste curso escolar 2023-2024 a formación do profesorado será:

- Individual**, a través de diferentes cursos ou actividades formativas ofertadas polo CFR, polas institucións públicas e/ou sindicais, así como en iniciativas privadas e particulares.
- Grupais**, dentro do centro desenvolverase o Plan Anual de Formación do Profesorado, levando a cabo a Liña Competencia didáctica, enmarcado dentro do itinerario dos polos creativos.

A duración do mesmo será dende novembro a maio.



10. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

O centro conta co servizo de comedor escolar xestionado pola Anpa a través da empresa Jardanay; é un servizo de catering coa posibilidade de levar a comida para a casa.

Na actualidade acolle aproximadamente a 100 alumnos/as, en horario de 13:55 a 16:00 horas, repartidos en varias quendas e atendidos por varios monitores/as da propia empresa.

Tamén existe un servizo de madrugadores de 07:30 a 09:00 horas, incluíndo o almorzo para quen o requira; serán custodiados por un monitor/a da empresa.

Como novidade inclúese un servizo de cambiadores, xestionado pola mesma empresa.

11. PLANS E PROXECTOS.

11.1. PLAN DE ACOLLIDA DOS NENOS E NENAS DE 3 ANOS.

Os nenos e nenas precisan un intervalo temporal para asimilar os cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporárense á escola. Este intervalo supón un conflito cognitivo causado pola separación das principais figuras de apegamento, requiríndose un acompañamento emocional específico, empático, amable e respectuoso. Por iso, é fundamental unha boa organización e planificación do período de adaptación, tomando como referencia o lexislado na Orde do 30 de maio de 2023 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil e se ditan instrucións ao respecto, que sinala "os centros educativos planificarán un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino aprendizaxe. A organización deste período garantirá a integración gradual...".

Para levar a cabo o período de adaptación no noso centro e tendo en conta a diversidade do alumnado, seguiremos unha serie de criterios entre os que destacamos a flexibilidade dos horarios, a colaboración familia-escola ou a incorporación progresiva dos nenos e nenas en pequenos grupos, entre outros.



En canto aos obxectivos que se buscan acadar coa organización deste período destacamos os seguintes:

- Favorecer unha incorporación graduada e tranquila que garanta a seguridade e o benestar emocional do alumnado.
- Establecer relacións afectivas e de confianza co grupo aula e co profesorado.
- Promover relacións familia-escola positivas e de colaboración.
- Favorecer a autonomía e o benestar socio-emocional do alumnado.
- Descubrir, explorar e apreciar o entorno natural e cultural próximo.
- Aproximarse, dende unha perspectiva lúdica, ao desenvolvemento de habilidades lóxico-matemáticas e de lecto-escritura.

No curso 2023-2024 o 4º curso de Educación Infantil comeza cunha primeira reunión de pais/nais o mércores día 6 de setembro ás 12:00 horas. Os asuntos a tratar na reunión son os seguintes:

- Presentación do profesorado.
- Obxectivos.
- NOFC do centro.
- Servizos complementarios.
- Normas da aula.
- Metodoloxía.
- Período de Adaptación.
- Horario titorías/entrevistas individuais.
- Dúvidas e aclaracións.
- Entrega do seguinte tríptico informativo:



CONTACTO



ESCOLA
881 960 701
ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal



TITORA:
angela.novo.garcia@edu.xunta.gal
APP ABALAR MÓVIL

PERÍODO DE ADAPTACIÓN 2023-24



- Achegamento
- Diálogo
- Acollida
- Pertenza
- Tenrura
- Agarimo
- Confianza
- Ilusión
- Orgullo
- Nacente

QUE É?

É o intervalo temporal que as/os nenas/os precisan para **asimilar** os cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporárense á escola. É **encontrarse e separarse**; é **compartir** experiencias fóra da propia casa, nun espazo de aprendizaxe seguro e organizado.

! IMPORTANCIA

Supón un **conflicto cognitivo** causado pola separación das principais figuras de apego (a familia); requiríndose un **acompañamento emocional** específico, empático, amable e respectuoso. A angustia que adoitan sentir os/as nenos/as é unha parte do proceso, que desaparecerá progresivamente cando comencen a conquistar os espazos e a establecer os primeiros vínculos de confianza.

🎯 OBXECTIVOS CLAVE

- Favorecer unha incorporación graduada e tranquila que garanta a **seguridade** e o **benestar emocional** do alumnado.
- Establecer **relacións afectivas** e de **confianza** co grupo-aula e co profesorado.

🗣️ RECOMENDACIÓNS

- **Anticipar** a incorporación á escola.
- Espertarse con **tempo**, e ser puntuais.
- Despedidas afectivas, curtas e **sen** enganar; amosando tranquilidade.
- **Interesarse** polas actividades realizadas, incorporando comentarios positivos sobre as mesmas.

👤 ACOMPAÑAMENTO EMOCIONAL

Validade e respectade as súas emocións:

Ex: "Entendo/É normal que... (estés asustado/a). Pero... (vas pasalo moi ben, coñecer amigos/as novos/as). E eu vou estar aquí cando saias. E, se queres, despois podemos... (ir ao parque, a ver aos avós...)"

Apoíadevos na literatura para ofrecerlles ferramentas:



📄 PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

Promoción dun apego seguro, en base ao conto "Un beso en mi mano".
- Se tedes a posibilidade, **lede** xuntos/as o conto.
- Dádevos un bico na man e **debuxade** un corazón/poñede unha pegatina...
- Explicádelle a súa **simboloxía**:
"Cando nos botemos de menos, podemos apretar forte o corazón na nosa manetea e sentiremos o noso bico."
- E **reflexionade** xuntos/as:
"Aínda que nos separemos cando vas ao cole, sempre levamos con nós o noso amor. Agora vémo-lo neste debuxo, a que si?"



Acompañamento dun xogueto de apego



AMPLIACIÓN DA INFORMACIÓN



Documento "E ti... vas á escola?" (Xunta de Galicia)

En canto ao plantexamento do período de adaptación, destacar que a súa duración foi dende o luns 11 de setembro ata o venres 15 de setembro ambos inclusive, distribuíndo aos 25 nenos e nenas do seguinte xeito:



DATA E ACLARACIÓNS	HORARIO	DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO
LUNS 11 <i>Acompañamento e permanencia dun familiar</i>	9:30-10:30	GRUPO 1: 8 <u>nenos</u> e nenas
	10:50-11:50	GRUPO 2: 8 <u>nenos</u> e nenas
	12:15-13:15	GRUPO 3: 9 <u>nenos</u> e nenas
MARTES 12 <i>Acompañamento á aula. Permanencia breve (5-10 minutos). Entrega de xoguetes de apego. Abandono da aula.</i>	9:30 – 10:45	GRUPO 1 + 4 <u>nenos</u> e nenas
	11:00-12:15	GRUPO 2 + 5 <u>nenos</u> e nenas
MÉRCORES 13 <i>A partir deste día o alumnado entrará SÓ (acompañado das mestras)</i>	9:30-11:30	GRUPO 1 + 4 <u>nenos</u> e nenas
	11:45-13:45	GRUPO 2 + 5 <u>nenos</u> e nenas
XOVES 14	9:45- 12:45	<u>Todo</u> o alumnado Con <u>merenda</u>
VENRES 15	9:30- 13:30	<u>Todo</u> o alumnado Con <u>merenda</u>

CONCLUSIÓN: o periodo de adaptación iniciouse e rematouse nos prazos previstos desenvolvéndose con total normalidade e sen incidencias.



11.2. PLAN DE BIBLIOTECA.

1. XUSTIFICACIÓN.

Presentamos o Plan Anual da nosa biblioteca co obxectivo global de integrar a Biblioteca escolar no proceso de ensinanza-aprendizaxe posibilitando a formación nas distintas técnicas de información e investigación, axudando no desenvolvemento das competencias clave, fomentando o gusto pola lectura e potenciando a educación en valores.

Destacamos a importancia da Biblioteca no proceso educativo, da necesidade de mellorar o equipamento e os fondos e do imprescindible que resulta contar cun proxecto común, sendo a biblioteca o eixo deste.

Publicaranse as guías, recomendacións de lectura, etc. na páxina web do Centro para o coñecemento de toda a comunidade educativa.

Debemos continuar coas seguintes melloras:

- Aumentar o número de fondos bibliográficos e dixitais de información e consulta para alumnos e profesores.
- Ampliar a colección de poesía, teatro, banda deseñada, etc.
- Renovar e ampliar os fondos da colección da biblioteca e tamén renovar e ampliar o mobiliario ou equipamento da mesma, para lograr unha mellor atención á diversidade e cara a unha biblioteca inclusiva.
- Dispor de xogos educativos variados.

2. OBXECTIVOS.

- Colaborar activamente na tarefa de ensinar aos alumnos a buscar información en distintas fontes e soportes, a seleccionala e expoñela de maneira axeitada como resultado dun traballo de investigación.
- Diseñar e desenvolver actividades que fomenten a lectura, que esperten o interese pola literatura e provoquen a curiosidade pola investigación a través de distintas fontes e soportes informativos.



- Facilitar o material documental necesario para os proxectos dos equipos docentes e para as actividades programadas nas titorías.
- Consensuar unha guía para a realización de traballos de investigación.
- Elaborar guías de lectura que recollan recomendacións e técnicas de animación.
- Implicar ás familias no fomento da lectura facilitándolle as guías e invitándoas a colaborar en determinadas actividades.
- Revisar a colección facendo un novo expurgo daqueles exemplares deteriorados e ordenar de novo as coleccións, incorporando as novas adquisicións. Crear un ambiente agradable na biblioteca: coidando de que a distribución do mobiliario sexa a adecuada, mantendo ordenados e accesibles os libros e demais materiais documentais e propiciando comodidade para a lectura e a investigación.
- Formar aos alumnos como usuarios de biblioteca para optimizar a calidade do servizo e facilitar o mantemento.
- Catalogar os materiais bibliográficos e dixitais utilizando o programa Meiga.
- Organizar o servizo de préstamos, consulta de fondos e desenvolvemento de actividades dando pautas horarias e de funcionamento.
- Informar a través de circulares, carteleiras e da páxina web do centro das novidades de biblioteca: exposicións, actividades e novas adquisicións de fondos.
- Manter contacto con outras bibliotecas escolares e coas bibliotecas municipais para préstamo de materiais e intercambio de experiencias e actividades.

3. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

Equipo da biblioteca:

- Recoller propostas e suxestións do profesorado e do alumnado.
- Información de actividades e novidades.
- Farase por medio de circulares, carteis, taboleiro de anuncios, páxina web e abalar móbil.



4. ACTUACIÓNS PREVISTAS.

- Solicitar o programa Lectura e familias para o curso 2023-24
- Solicitar o programa Bibliotecas Escolares Solidarias nos apartados de voluntariado lector e axudantes de biblioteca cando sexan convocados.
- Xestión técnica e organización:

- Ao comezo do curso:

- Elaborar e dar a coñecer o plan anual de traballo.
- Revisar a colocación dos libros nos andeis e renovar a sinalización.
- Acordar a adquisición dos materiais máis necesarios.
- Programar, anunciar e impulsar as actividades de cada trimestre.
- Traer libros doutras bibliotecas para as actividades que o precisen.
- Xestionar a visita dun escritor, ilustrador e/ou contacontos.
- Manter os taboleiros actualizados coas achegas do alumnos.
- Publicar na páxina web as actividades de biblioteca, guías de lectura e técnicas de animación.
- Adicar tempo á catalogación dos fondos co programa MEIGA.
- Difundir as novas adquisicións entre alumnos, profesores e pais.

- Final de curso:

- Avaliar o proxecto e recoller os resultados nunha memoria.

- Dinamización

Formación do usuarios e educación documental:

- Ao comezo do curso:

- Guía de funcionamento da biblioteca durante este curso.



- Visitar unha biblioteca pública co grupo de alumnos/as participando en actividades programadas pola propia biblioteca.
- Alentar aos/ás alumnos/as de 5º e 6º a que acudan a distintas bibliotecas na procura de libros e información para tarefas escolares.
- Motivar e guiar aos/ás alumnos/as para que se convertan en exploradores de biblioteca e recompilen material documental sobre (contido incluído no proxecto interdisciplinario do centro)
- Proporcionar guías adaptadas ao nivel dos/as alumnos/as para que co material recompilado realicen o traballo de investigación

A responsable adicará 2 horas do seu horario lectivo á biblioteca. Os/as membros/as dedicarán un período lectivo á semana ao traballo de biblioteca. Ademais haberá unha reunión de coordinación ao mes como mínimo.

5. AVALIACIÓN.

Ao remate de cada trimestre ou comezo do seguinte:

- Comprobaremos se todas as actividades programadas se levaron a cabo ou se xurdiron dificultades para o seu desenvolvemento.
- Valoraremos a participación nas actividades de libre elección por medio de cuestionarios.
- Concretaremos que obxectivos e competencias clave se traballaron por medio de rexistros.
- Analizaremos as dificultades e resaltaremos os acertos.
- Reprogramaremos, en caso necesario, o seguinte trimestre.

Ao remate do curso:

- Valoraremos o grao de consecución dos obxectivos propostos e elaboraremos unha memoria.



PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO: Xustificación

A biblioteca apoiará os diferentes proxectos que os/as mestres/as do centro decidan implementar e promoverá a realización dun proxecto interdisciplinario para o presente curso.

Aspectos a cumprir polo proxecto:

- ✓ Poderse adaptar a todos os niveis educativos.
- ✓ Ter carácter interdisciplinario, xa que traballa aspectos de todas as áreas curriculares.
- ✓ Traballar a educación en valores.
- ✓ Vertebrar arredor das celebracións e actividades complementarias.
- ✓ Reflectir a adquisición e evolución de coñecementos e técnicas de expresión oral, escrita, plástica e interpretativa dos alumnos.

Obxectivos

- ✓ Adestrarse no traballo documental: busca, valoración e selección da información para plasmala de forma clara e creativa nun novo documento.
- ✓ Adquirir técnicas de observación, investigación e experimentación.
- ✓ Traballar as competencias clave dentro dun tema motivador. Intervención da biblioteca.

A biblioteca colaborará en cada unha das fases do proxecto:

- ✓ Proporcionando materiais en diversos soportes adecuados ás distintas idades do alumnado e aos diversos centros de interese.
- ✓ Guiando no procedemento de busca de información.
- ✓ Elaborando fichas-guía que axuden aos alumnos a extraer e ordenar as informacións recabadas.
- ✓ Motivando ao alumnado con xogos de investigación e propostas para a creatividade.
- ✓ Marcando pautas e tempos para a realización das actividades.
- ✓ Axudando na elaboración de murais, presentacións, textos,...



- ✓ Colaborando na publicación dos traballos.
- ✓ Organizando visitas de escritores, ilustradores,...

As liñas prioritarias para o presente curso enmarcadas dentro do PLAMBE 23-24 son:

1.- EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN; A CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO "LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES"

1. Informatización dos fondos de nova adquisición da biblioteca e das bibliotecas de aula.
2. Realización do préstamo informatizado dos fondos da biblioteca.
3. Inicio dun seminario/grupo de traballo no centro en relación coa biblioteca escolar.
4. Programación das actividades a realizar ao longo do curso.
5. Continuar co mantemento e uso do apartado de biblioteca na web do centro.
6. Dinamización dun equipo de biblioteca mixto, composto por alumnado, pais/nais e profesorado.
7. Promoción dende a biblioteca dos recursos TIC.
8. Poñer a disposición do alumnado materiais que promovan a aprendizaxe creativa do alumnado: xogos variados, pinturas, lápises, papeis variados, tableta, ordenadores, robótica, bolígrafo 3D, etc.

2.- EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMANDO.

1. Apertura da biblioteca nos recreos.



2. Continuar e ampliar o préstamos de libros de consulta e lectura ás distintas aulas, atendendo aos distintos temarios.
3. Apoiar os proxectos desenvolvidos no centro ao longo do curso escolar.
4. Renovación e ampliación de fondos de consulta e lectura.
5. Subscrición a revistas infantís.
6. Adquirir xogos para complementar e mellorar as aprendizaxes do currículo.
7. Promover a formación en alfabetización informacional a través de distintas actividades.
8. Promover o uso crítico e como apoio ao traballo dos ordenadores e tabletas.
9. Colaborar cos distintos equipos do centro nas actividades propostas.

3.- EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (COMPETENCIA PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN INCLUÍDA NA ACTUAL "COMPETENCIA DIXITAL")

1. Aproveitamento por parte do alumnado do espazo de ordenadores na biblioteca, en todo o horario lectivo e de apertura da biblioteca escolar.
2. Promoción dende a biblioteca para participar nos blogues creados no centro e na páxina web do mesmo.
3. Renovar o equipamento informático da biblioteca.
4. Adquirir material de robótica.
5. Facilitar a utilización das tabletas e as aplicacións relacionadas coa programación e a realización de pequenas películas elaboradas polo propio alumnado.
6. Facilitar a través de enlaces desde a páxina web do centro, páxinas web de obtención de información, para crear hábitos de consulta e contraste de información.
7. Colaboración co equipo TIC e EDIXGAL.
8. Revisar e actualizar os recursos TIC sobre alfabetización documental para realizar co alumnado.



4.- EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO (EN MATERIA DE LECTURA, ESCRITURA, E HABILIDADES NO USO, TRATAMENTO E PRODUCCIÓN DE INFOMACIÓN)

1. Elaboración do plan anual de biblioteca durante o primeiro mes do curso.
2. Revisión co conxunto do profesorado de Proxecto Lector de Centro.
3. Proposta de lecturas e celebración do Día do Libro cun autor/ilustrador de literatura infantil.
4. Lecturas en voz alta dos alumnos do 6º de EP, aos alumnos de EI e 1º de EP.
5. Acompañamento lector do alumnado de 6º de EP ao alumnado de 6º de EI.
6. Propoñer a participación de pais/nais, avós/avoas, ou outras persoas achegadas á comunidade educativa, na transmisión de contos, lendas, cantigas de xeito oral; na utilización das novas tecnoloxías, etc.
7. Propoñer a elaboración de revistas colectivas con narracións, debuxos, pasatempos, novas,... sobre ás distintas temáticas traballadas no centro (Día do Libro, Letras Galegas,...).
8. Elaboración de pequenos poemas para conmemorar o Día da Poesía.
9. Elaboración de libros (papel e formato dixital) dos distintos materiais recopilados nas distintas actividades que estarán sempre a disposición do alumnado e profesorado.
10. Promover o uso de ordenadores e tabletas como ferramentas de traballo e formación.
11. Lecturas aos compañeiros/as de distintos formatos: teatro, poesía, narrativa.
12. Interpretacións musicais.

5.- EN RELACIÓN COS AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA.



1. Adquisición de material que axude ao alumnado ao coñecemento e comprensión das diferentes realidades socioculturais.
2. O acceso á biblioteca pódese facer de dous xeitos: polas escaleiras ou polo ascensor que chega desde a planta baixa.
3. O mobiliario e a porta de entrada están adaptados para facilitar a accesibilidade.
4. Facilitar o préstamo durante os períodos de vacacións.
5. Facilitar ao alumnado ferramentas que lles fagan avanzar no seu proceso de aprendizaxe independentemente da situación persoal de partida.
6. Facilitar espazos para a utilización da biblioteca a todo o alumnado do centro.
7. Promover a aprendizaxe entre iguais facilitando ao alumnado axudante de biblioteca ferramentas para axudar ao resto do alumando no uso da biblioteca.

6.-OUTRAS ACTUACIÓNS:

1. Colaboración coa ANPA na celebración do día do libro, das letras galegas, día da poesía, Magosto/Samaín, Entroido,...
2. Colaboración co equipo de Dinamización Lingüística na organización do día das letras galegas, na elaboración de revistas colectivas.
3. Colaboración co equipo TIC e ABALAR na revisión e mantemento dos recursos de formación de usuarios, do mantemento da páxina web do centro e dos distintos blogs do centro.
4. Colaboración coas distintas institucións locais: Deputación, Concello, Museo de Belas Artes, Bibliotecas municipais, levando a cabo visitas e participando nas actividades que ditos organismos propoñan aos centros educativos.
5. Participación nos Proxectos Permanentes de Formación en Centros convocados polo Centro de Formación e Recursos.



6. Participación en proxectos externos ao centro convocados por distintas entidades:
Voz Natura, Prensa Escola, Plans Proxecta.

7- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE UTILIZARÁN.

Para avaliar teremos en conta:

1. Analizaranse as suxestións feitas.
2. Adecuación do horario do equipo da biblioteca.
3. Cumprimento e adecuación das normas dos usuarios.
4. Utilización dos recursos da biblioteca.
5. Implicación da biblioteca nas actividades complementarias.
6. Participación nas actividades de animación á lectura.
7. Resposta do alumnado en canto ás actividades propostas.
8. Propoñeremos una táboa de avaliación que comprenda os obxectivos marcados como prioritarios na programación de centro para a biblioteca escolar.

8.- PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE/DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.

Dinamizadora biblioteca: Silvia López Roibal

Equipo de biblioteca:

- Ángela Novo García (titora 4ºEI),
- Julia Mª Gil Calvo (titora 2º EP),
- Dolores Gil Calvo (mestra AL compartida),
- María Martínez García (mestra PT compartida)



Horario de dinamización:

- Dinamizadora biblioteca: 3 sesións semanais de dedicación.
- Cada mestre do equipo: 1 sesión semanal de dedicación.

Para o próximo curso tentaremos ampliar o equipo de biblioteca con novos integrantes da etapa de E.P.

11.3. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

INTRODUCCIÓN.

A elaboración do Plan Anual das Actividades do Departamento de Orientación ven recollida na **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, que no seu **artigo 11ºb)** determina que «é función da Xefatura do Departamento de Orientación responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso».

Coa elaboración deste plan preténdese contribuír á mellora da calidade da oferta educativa deste centro no presente **curso 2023/2024**.

1. CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN.

1.1. Características do centro.

O ámbito de actuación do presente Plan de Actividades será o **CEIP CIDADE VELLA** de A Coruña. Neste curso escolar 2023/2024 ten escolarizado **190 alumnas e alumnos**, en tres unidades de Educación Infantil e seis de Educación Primaria.

O CEIP Cidade Vella está ubicado no Concello de A Coruña. A zona educativa figura descrita no PE do centro. O centro está adscrito ao IES PLURILINGÜE ADORMIDERAS de A Coruña.



A través deste Plan preténdese asegurar unha actuación coordinada con dito instituto.

1.2. Marco legal.

Como marco legislativo para elaborar e desenvolver o Plan de Actividades tívose en conta o **Decreto 120/1998**, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia a **Orde do 24 de xullo de 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 e a orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.1. Composición.

O Departamento de Orientación do CEIP Cidade Vella constituíuse, ao abeiro do Decreto 120/1998 do 23 de abril, coa seguinte composición:

Cadro 1. *Composición do Departamento de Orientación CEIP Cidade Vella.*

EQUIPO: COMPOÑENTES		NOME E APELIDOS
Xefa do Departamento de Orientación		María de Amparo Arias Cobreros
Xefe de Estudos		María de los Ángeles Lorenzo Barral
Mestra PT1		María de los Ángeles Lorenzo Barral
Mestra PT2 itinerante (CEIP Torre de Hércules)		María Martínez García
Mestra AL itinerante (CEIP San Pedro de Visma)		María Dolores Gil Calvo
Coordinadores	Educación Infantil	Mónica Vilar Casal
	1º e 2º de Ed. Primaria	Ana María Paredes Candal



de ciclo/nivel	3º e 4º de Ed. Primaria	Ana María Gómez Seijas
	5º e 6º de Ed. Primaria	María Sandra Domínguez Pérez
Auxiliar Técnico Educativo (coiadora)		Rosa López Martínez

2.2. Horarios.

Como consideración previa, cómpre sinalar que ao tratarse dunha orientación compartida, a Orientadora realizará o seu traballo en dous centros: o CEIP Torre de Hércules e o CEIP

Cidade Vella. O centro base é o CEIP Torre de Hércules. A Orientadora acudirá ao CEIP Torre de Hércules os mércores, venres e luns alternos e ao CEIP CIDADE VELLA os martes, xoves e luns alternos.

A continuación preséntanse os horarios de cada especialista:

Cadro 2. *Horario da Orientadora: María del Amparo Arias Cobreros.*

HORAS	LUNS (alternos)	MARTES	MÉRcores	XOVES	VENRES
1ª sesión	Orientación	Orientación		Orientación	
2ª sesión	Orientación	Orientación		Orientación	
3ª sesión	Orientación	Orientación		Orientación	
11:25- 11:50					
11:55- 12:20		Recreo			
4ª sesión	Orientación	Orientación		Orientación	
5ª sesión	Orientación	Orientación		Orientación	
TARDE					
16:00- 17:00	Reunións e formación				
17:00- 19:00	Coord. DO. Reunión familias				



Os días e horarios do Departamento de Orientación para atención ás familias será o seguinte:

- **Luns(alternos), mércores e venres** e deberase pedir cita previa a través do profesorado titor/a do alumna/a ou chamando ao teléfono do centro educativo.

Unha especialista en Pedagogía Terapéutica permanecerá en horario completo (de 9:00 a 14:00) A segunda especialista de Pedagogía Terapéutica é itinerante e estará compartida co IES Monte Das Moas . A mestra de Audición e Linguaxe é itinerante, estará compartida co CEIP San Pedro de Visma. Os respectivos horarios das PTs e da AL son os seguintes:

Cadro 3. *Horario da especialista en PT 1: María de los Ángeles Lorenzo Barral.*

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRcores	XOVES	VENRES
1ª sesión	Xefatura	Xefatura	Xefatura	Xefatura	Xefatura
2ª sesión	PT	PT	PT	PT	PT
3ª sesión	PT	PT	PT	PT	PT
11:25- 11:50		Recreo			
11:55- 12:20					
4ª sesión	PT	PT	PT	PT	PT
5ª sesión	PT	PT	Xefatura	PT	PT
	TARDE				
16:00- 17:00	Reunións e formación				
17:00- 19:00	Coord. DO, reunions familias				



Cadro 4. Horario da especialista en PT 2 itinerante: María Martínez García.

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª sesión	PT	PT		PT	
2ª sesión	PT	PT		PT	
3ª sesión	PT	PT		PT	
11:25- 11:50	Garda Biblioteca				
11:55- 12:20					
4ª sesión	PT	PT			
5ª sesión	PT	PT			
TARDE					
16:00- 17:00	Reunións e formación				
17:00- 19:00	Coord. DO, reunions familias				

Cadro 5. Horario da especialista en AL: María Dolores Gil Calvo.

HORAS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª sesión	AL	AL	AL		
2ª sesión	AL	AL	AL		
3ª sesión	AL	AL	AL		
11:25-11:50	AL		Garda de Biblioteca		
11:55-12:20					
4ª sesión	AL	AL	AL		
5ª sesión	AL	AL	AL		
TARDE					
16:00- 17:00	Reunións e formación				
17:15-19:00	Coord. DO, reunions familias				



En relación co cumprimento do horario persoal da Orientadora, a previsión da distribución das actividades semanais será:

Cadro 6. *Distribución das sesións semanais da Orientadora.*

ACTIVIDADES	Nº de sesións
<ul style="list-style-type: none">• Estudio de casos e elaboración de informes:<ul style="list-style-type: none">- Avaliacións psicopedagóxicas- Revisión/actualización de informes- Elaboración/revisión adaptacións curriculares- Derivacións ao EOE, SERGAS, Servizos Sociais...	20
<ul style="list-style-type: none">• Reunións coas familias	4
<ul style="list-style-type: none">• Reunión e coordinación co DO	1
<ul style="list-style-type: none">• Coordinación cos servizos externos	1

As reunións de Departamento de Orientación terán lugar un luns ao mes pola tarde.

Ademais, a Orientadora asistirá ás reunións convocadas polo/a Xefe/a do DO de Secundaria ao que se está adscritos, así como a todas aquelas que sexa preciso a súa presenza como é o caso, por exemplo, do EOE, Servizos Sociais, etc.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos formulados abranguen a toda a comunidades educativa e serán os seguintes:

■ **Obxectivos referidos ao Centro:**

- Participar na revisión, actualización e desenvolvemento de Plans e Proxectos do centro co fin de adaptalos ás necesidades actuais e incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención a diversidade.
- Contribuir á dinamización da planificación e organización educativa.



- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- Cooperar coa comunidade educativa (Equipo Directivo, profesorado, ANPA, comisións) e outras, favorecendo canles de comunicación e actuación.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas participes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.

■ **Obxectivos específicos referidos ao alumnado:**

- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
- Garantir a integración escolar e social do alumnado con NEAE.
- Desenvolver aprendizaxes básicas e funcionais que lles permitan vivir de xeito máis autónomo e normalizado posible.
- Fomentar actitudes participativas que favorezan a integración e un autoconcepto e autoestima positivos.
- Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás NEAE. Organizar os apoios do alumnado que precisen reforzo educativo dentro dos ciclos/niveis, tendo en conta a disponibilidad de horario do profesorado.
- Potenciar a orientación educativa e profesional, sobre todo en 6º de Educación Primaria.
- Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e acción tutorial con fines preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, inmersas no propio currículo.



- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
 - Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas.
 - Facilitar o tránsito entre etapas educativas:
 - * Educación Infantil-Educación Primaria.
 - * Educación Primaria-Educación Secundaria Obrigatoria.
 - Mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave, especialmente na competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión) e competencia matemática.
 - Proponer iniciativas que permitan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro e dos que pode ofertar o entorno.
- **Obxectivos referidos ao profesorado:**
- Asesorar, apoiar e colaborar co profesorado na atención á diversidade.
 - Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información e formación sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e titorial.
 - Coordinar todas as actuacións entre o profesorado, titores/as, especialistas de PT/AL, coidadora e orientadora, de cara a dar unha resposta adecuada ás NEAE do alumnado.
 - Asesorar aos equipos docentes e aos equipos directivos en temas de avaliación, promoción e titulación, as posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas que delas se derivan, así como asesoramento ao alumnado e as súas familias. Así mesmo, prestarase apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado así como os criterios de avaliación formativa.



- Coordinar o proceso de avaliación formativa de cada grupo e a información ao alumnado e ás familias.
 - Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
 - Colaborar na resolución das necesidades que teñan os/as titores/as para levar a cabo a función tutorial.
 - Coordinarse cos axentes de intervención externos a través da Xefatura do DO previa autorización das familias (CEE no caso do alumnado de escolarización combinada, SERGAS e profesionais ou asociacións do ámbito privado).
- **Obxectivos referidos ás familias e a comunidade:**
- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados e potenciar as relacións familia-escola.
 - Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.
 - Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.
 - Fomentar unha relación fluída que repercuta na mellora educativa dos/as seus/súas fillas.
 - Informar e asesorar sobre aspectos que corrixan desigualdades económicas.
 - Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desventaxa socioeducativa, pertencer a minorías étnicas ou por estar vivindo situacións complexas ou problemáticas.
 - Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico (EOE), Departamentos de orientación dos IES ou doutros centros.



- Coordinar a intervención do Departamento de Orientación coas distintas institucións e profesionais que incidan na atención ao alumnado con NEAE.

En síntese, as **liñas prioritarias de actuación** serán as seguintes:

- Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Asesoramento, colaboración e apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e á acción tutorial.
- Apoio e asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as distintas medidas de atención ao alumnado con NEAE.
- Atención a toda a diversidade presente no centro (equidade na educación).
- Promoción da participación e implicación das familias.

4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Entre as estratexias de intervención, diferenciamos:

■ **Estratexias referidas ao alumnado:**

1) Realización da avaliación e integración inicial do alumnado.

Actividade de acollida, especialmente para o alumnado de novo ingreso.

No primeiro tramo do curso escolar os/as titores/as:

- Comentarán co alumnado os seus dereitos e deberes, informarán do funcionamento do Centro, da necesidade de elaborar unhas normas de convivencia específicas, dentro da propia aula, acompañadas dos mecanismos de control necesarios axustándose ao establecido nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.
- Unha vez que o grupo se coñeza, pódese facer a elección de delegado/a da clase, facendo unha análise do perfil e explicando funcións.
- Proporcionar ao alumnado, información referente ao calendario escolar, horarios, atención ás familias, actividades complementarias e extraescolares, programas escolares e criterios de avaliación.



- Coñecer as características do grupo titorizado, o sociograma, a observación sistemática e outras técnicas grupais serán de gran utilidade.

2) Detección e avaliación das NEAE do alumnado.

- Colaboración cos equipos docentes, titores/as, familias e departamento de orientación para unha pronta detección de posibles NEAE do alumnado, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.
- A orientadora propoñerá o modelo de intervención en cada caso e coordinará a actuación do profesorado de apoio, elevando ao Xefe de Estudos a proposta de organización da docencia para este alumnado.

3) Habilidades e métodos de estudo e aprendizaxe.

- Será labor de todo os docentes do grupo, coordinados polo titor/a en colaboración co DO, axudar ao alumnado para que adquira procedementos axeitados de traballo intelectual.
- Diseñaranse actividades específicas para mellorar a comprensión e velocidade lectora, desenvolver a memoria, aprender a descubrir as ideas principais dun texto, aprender a subraiar, aprender a facer resúmenes, aprender a construír gráficos e esquemas, aprender a elaborar mapas conceptuais.

4) Orientación académica e profesional. Os titores fomentarán estratexias

encamiñadas a:

- Que o alumnado teña coñecemento da estrutura do sistema educativo, das posibilidades de estudo a curto, medio e longo prazo no nivel de 6º curso.
- Que adquiren e utilicen procedementos facilitadores da reflexión e da toma de decisións e que procuren a mellora do autoconceito do alumnado.

5) Avaliación do alumnado. Os equipos docentes desenvolverán estratexias orientadas

a:

- Informar ao alumnado dos criterios polo que vai a ser avaliado.



- Afondar na correcta utilización das modalidades de avaliación continua, formativa e sumativa.

■ **Estratexias referidas ás relacións entre o profesorado.**

É conveniente que se faga referencia aos apartados seguintes:

1) Relación do/a titor/a co DO.

- Detectar e previr condutas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario de ser o caso.
- Coordinar as actividades orientadoras e titoriais do Centro que afectan ao seu grupo.
- Participar activamente no desenvolvemento do plan de acción titorial.

2) Relación do/a titor/a cos profesores/as.

- Facilitar o traballo en equipo e a coordinación entre os cursos, así como a canalización das propostas de acción conxunta a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica ou do DO.
- Informar ao resto do profesorado do grupo titorizado sobre aspectos de relevancia que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración grupal do alumno titorizado.
- Participar nas sesións de avaliacións nas que se realizará unha síntese da avaliación formativa referente a:
 - Os logros acadados polo alumnado en referencia á avaliación inicial.
 - A situación actual do alumnado con NEAE.
 - Os materiais empregados.
 - A metodoloxía aplicada.
 - A situación do grupo-clase.
 - As adaptacións curriculares (significativas ou non).



3) Relación do/a titor coas familias. Os titores/as poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Favorecer unha adecuada comunicación familia-centro, comunicándolles horario de atención ás familias, mantendo entrevistas persoais e globais, etc.
- Informar ás familias dos aspectos educativos dos seus fillos/as e asimesmo, recabar a información necesaria para mellorar a situación escolar do alumnado.

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE QUE SE APLICARÁN.

De acordo ao **art. 7** del **Decreto 229/2011**, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.

Entre as medidas de atención á diversidade que se aplicarán durante o curso 2023/2024 están:

- **Medidas ordinarias:**
 - Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
 - Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
 - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión .
 - Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación.
 - Aulas de atención educativa destinadas ao reforzo e á mellora do rendemento escolar.
 - Desdobramentos de grupos.
 - Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
 - Programas de recuperación.



- Programas de habilidades sociais.
- **Medidas extraordinarias:**
 - Adaptacións curriculares.
 - Apoio del profesorado especialista en PT e AL.
 - Flexibilización de la duración del período de escolarización.

6. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS.

Os criterios para organizar e distribuír os recursos serán os seguintes:

■ **Medidas ordinarias:**

O reforzo educativo será proporcionado polo profesor/a titor/a no seu grupo e que deseñará e aplicará con aqueles alumnos/as que teñen certas dificultades para conseguir os obxectivos e contidos das diferentes áreas.

O profesorado con dispoñibilidade horaria ocuparase tamén do alumnado con necesidade de reforzo educativo, previo consenso entre o/a titor/a e a Xefatura de Estudos. Deste reforzo educativo o/a titor/a informará ás familias.

■ **Medidas extraordinarias:**

A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de PT e AL, será realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e que se indican a continuación, contando coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de PT e/ou AL. Esta proposta de organización da docencia será elevada ao Xefe de Estudos para a súa aprobación.

A distribución dos apoiros de PT e AL rexerese polos seguintes criterios:

- 1º/ Priorizarase as intervencións de casos de maior gravidade (teñan ou non unha Adaptación Curricular):
 - a) Alumnado en escolarización distinta á ordinaria.



- b) Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (discapacidade recoñecida ou trastorno grave de conduta diagnosticado).
- c) Alumnado con diagnóstico relacionado co neuro -desenvolvemento estendido por un servizo público de saúde.
- d) Alumnado con outro tipo de diagnóstico estendido por un servizo público de saúde.

2º/ Atenderase ao alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS).

3º/ Aquel alumnado que presente desfase curricular e se considere que coa atención personalizada do profesorado titor dentro do grupo non vai lograr progresar axeitadamente. Este reforzo poderá ser transitorio se o alumno/a supera as súas dificultades.

4º/ Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xa viñeran recibindo esa atención (sempre e cando non aparezan casos de maior gravidade).

5º/ Atenderase primeiro ao alumnado con NEAE que xa esgotara a medida da repetición de curso.

6º/ Novo alumnado ao que se lle detecten NEAE. Priorizaranse os cursos baixos, no eido de poñer en práctica medidas de detección temperá e preventivas.

7º/ Alumnado que presenten unha asistencia regular ao centro con familias que amosen interese polo proceso de aprendizaxe.

8º/ En Educación Infantil os apoios levaranse a cabo principalmente polo profesorado especialista en AL e PT dirixido a compensar a incidencia daqueles factores que puideran dificultar o óptimo desenvolvemento dos nenos/as nos primeiros anos da súa vida.

9º/ Pedagogía Terapéutica: as actividades levadas acabo dende pedagogía terapéutica, de forma xeral, serán aquelas que desenvolvan os seguintes aspectos:

- Procesos cognitivos básicos (atención, percepción, memoria...).



- Funcións executivas (planificación, inhibición, resolución de problemas, anticipación, autorregulación...).
- Razoamento lóxico-matemático.
- Comprensión e expresión escrita.
- Lectoescritura.
- Mellora do desenvolvemento persoal e benestar emocional.
- Técnicas de estudo e procurarse, na medida do posible, que as actividades teñan carácter lúdico e dinámico.

10º/ Audición e Linguaxe: a especialista atenderá prioritariamente ao alumnado de menor idade para evitar que se consoliden os problemas de linguaxe e ter unha actuación preventiva o antes posible. Considérase que o alumnado de Educación Infantil de 5 anos, de 1º e 2ª de Educación Primaria deben ser de atención prioritaria.

11º/ Os reforzos educativos serán realizados por profesorado con dispoñibilidade horaria.

12º/ Atención ao alumnado procedente do estranxeiro: priorizarase o apoio ao alumnado que descoñeza o castelán, o galego, ou ambos os dous idiomas na Etapa de Educación Primaria.

13º/ De ser preciso a realización de apoios educativos fóra da aula ordinaria, levarase a cabo durante o horario do/a titor/a e co expreso consentimento da familia do alumno/a. A tal fin, facilitaráselles aos tutores/as o modelo de información ás familias correspondente.

14º/ Prevención de dificultades.

Distribuiremos as sesións de apoio ao longo da semana de maneira equilibrada.

Propiciarase que os apoios sexan o máis estables posibles tendo en conta as características de cada caso, tanto no referente aos profesionais participantes como á temporalización dos mesmos, garantindo os grupos burbulla estables.



Como **criterios para a organización do persoal Auxiliar Técnico Educativo (coidadora)**, atenderase prioritariamente ao alumnado con NEE para favorecer a autonomía nos diferentes espazos do centro educativo. O horario de atención e a proposta de apoio ao alumnado será elaborado pola Orientadora en coordinación coas PT, AL, profesorado titor e coidadoras. A proposta será elevada a Xefatura de Estudos para a súa aprobación.

7. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

A continuación recóllense as actuacións do DO previstas ao longo do curso.

Cadro 8. Actuacións e temporalización do DO durante o curso 2023/2024.

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Proposta da organización dos apoios de PT/AL.	Orientadora e profesorado de PT e AL.	Xefatura de Estudos Titores do ANEAE.	Setembro.
Redacción da proposta definitiva dos servizos de apoio.	Orientadora.	Xefatura de Estudos.	Setembro.
Proposta de organización da atención ao alumnado das aulas específicas de PT e AL.	Orientadora e profesorado da aula.	Xefatura de Estudos.	Setembro.
Tramitación das bolsas NEAE.	Familias e Orientadora.	Alumnado.	Setembro (do 1 ao 30)
Elaboración e aprobación do Plan	Orientadora.	DO, Claustro, Consello Escolar.	Setembro.



ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Anual de actividades do DO.			
Revisión do Plan Anual de actividades do DO.	Orientadora.	Claustro-Consello Escolar.	1º trimestre.
Realización das ACS propostas no curso anterior.	Orientadora, mestres implicados, profesorado de apoio, Xefatura de Estudos.	Alumnado.	1º trimestre.
Recollida de datos de atención á diversidade <i>Drdadi</i> .	Orientadora.	Consellería de Educación.	Novembro.
Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.	Orientadora.	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias.	Con carácter xeral, 1º e 2º trimestre.
Aplicación de probas colectivas.	Orientadora.	Alumnado.	Durante todo o curso de ser necesario.
Aplicación Do BADYG en 6ºEI	Orientación	Alumnado	Tercer trimestre
Aplicación sociogramas nas aulas	Orientación	Alumando	Todo o curso
Revisión do Programa de Preparación para a ESO.	Orientadora do centro e do IES, titores-as de 6º.	Alumnado e familias de 6º.	3º trimestre.
Revisión dos informes para o	DO.	Profesorado titor e profesorado de	Maió.



ACTUACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
alumnado obxecto de RE e/ou de apoio e establecemento do procedemento a seguir na súa cumprimentación.		apoio.	
Previsión de alumnado NEAE para o curso 2024/2025.	DO.	Inspector da zona.	Maio.
Avaliación do Plan Anual de Actividades do DO.	DO.	Membros do DO.	Maio-xuño.
Participar na información ás novas familias do funcionamento do centro e do período de adaptación.	Orientadora, Dirección, docentes de EI.	Familias.	Xuño e setembro.
Elaboración de informes finais de 6º do alumnado NEAE.	Orientadora.	Xefatura de estudos, Orientador/a do IES.	Xuño.
Redacción de informes de seguimentos.	Orientadora.	DO, Xefatura de estudos, familias.	Xuño.
Redacción da Memoria do DO.	Orientadora.	DO, Claustro e Consello Escolar.	Xuño.
Recollida: datos de atención á	Orientadora.	Consellería de Educación.	Xuño-xullo.



ACTUACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
diversidade <i>DRDorienta.</i>			
Proposta de apoios e ACSs para o vindeiro curso.	DO.	Alumnado, Equipos docentes.	Xuño.
Participación nas sesións de avaliación. Recadar información do alumnado atendido polo DO como de novos casos.	Orientadora.	Equipos docentes.	Ao remate de cada Trimestre.
Asesoramento á comunidade educativa.	Orientadora.	Comunidade Educativa.	Todo o curso.
Colaborar co profesorado na cumprimentación de documentos do expediente do alumnado.	DO.	Equipo docente.	Todo o curso.
Elaboración e proposta de adquisición de material do DO.	Orientadora.	Comunidade educativa/Dirección.	Todo o curso.
Asesoramento na realización e seguimento das adaptacións curriculares.	Orientadora.	Equipos docentes, profesorado de apoio, Xefatura de Estudos.	Todo o curso.



ACTUACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Asesoramento xeral na acción titorial.	Orientadora.	Profesorado.	Todo o curso.
Elaboración e actualización de documentos e protocolos para o DO.	Orientadora.	Comunidade educativa.	Todo o curso.
Asesoramento e colaboración na elaboración/ revisión documentos do centro.	Orientadora.	Claustro-Equipo Directivo.	Todo o curso.
Actuacións promotoras da Convivencia.	DO.	Comunidade educativa.	Todo o curso.
Coordinación e establecemento de canles de comunicación entre os diferentes profesionais que atenden os nenos/as e os organismos externos ao centro.	Orientadora.	Equipo docente, familias.	Todo o curso.



8. RECURSOS.

Os recursos que se empregarán para a posta en marcha das diversas actividades do Departamento de Orientación serán de dous tipos: os propios do centro e os externos, que á súa vez se agrupan en:

- **Recursos humanos.** O centro conta con tres mestras de apoio no DO, en concreto, dúas especialistas de PT (unha itinerante) e unha especialista de AL (itinerante).

Ademais, no CEIP dispoñemos de Auxiliar Técnico Educativo (coidadora)

Igualmente, o DO botará man do profesorado con dispoñibilidade horaria para realizar apoios.

Como recursos externos, contamos co asesoramento e apoio do EOE, Servizos Médicos, Saúde Mental Infanto-Xuvenil, Servizos Sociais, Logopedas, Gabinetes Psicopedagóxicos, entre outros).

- **Recursos espaciais.** As mestras de PT e AL dispoñen de aulas de apoio para desenvolver a intervención específica nos casos requiridos. As sesións de atención nestes espazos son de 50 minutos. As sesións de AL poden ser tamén de duración máis curta (25 minutos), segundo a casuística e a idade do alumnado.
- **Recursos materias.** No departamento de orientación dispónse de escalas de observación, probas psicopedagóxicas e test estandarizados, manuais, bibliografía específica, etc.

Concretamente, as aulas de PT contan con material específico para traballar os seguintes contidos:

- Prerrequisitos cognitivos: secuencias temporais, xogos de asociación, material de xogo simbólico, fichas para traballar a atención, lotos de memoria, dominós etc.
- Aprendizaxes instrumentais básicas: lectoescritura (muraís de abecedario, letras fendidas e magnéticas, dominós imaxe-palabra, lecturas comprensivas, contos para aprender as letras do alfabeto, autoditados, manuais para traballar os



rasgos disléxicos e o reforzo da ortografía visual mais fonética, etc.) e lóxico-matemática.

- Comprensión e expresión oral: vocabulario en imaxes, dominós, contos, paneis do tempo atmosférico, calendarios, xogos de atención e acción conxunta, láminas para falar, contos, historias da vida cotiá con pictogramas, etc.
- Desenvolvemento emocional: xogos e láminas de expresións emocionais.

Así mesmo, a aula de AL dispón de materiais característicos da intervención específica:

- Prerrequisitos para a articulación: materiais de sopro, materiais para traballar as habilidades motoras orofaciais, instrumentos musicais, enlaces nos blogs para o traballo da respiración, sopro e discriminación auditiva de sons e fonemas.
- Articulación: xogos de fonemas, imaxes ilustrativas da posición articulatoria, programa Cicerón, lotos fonéticos etc.
- Pragmática: manuais con viñetas e actividades, material bibliográfico para traballar inferencias, enlaces nos blogs (curtametraxes), proposta de xogos sociodramáticos, historias sociais...

En relación aos recursos de carácter xeral mencionamos os seguintes:

- Ordenador cos recursos web: blogs de AL e PT, redes de recursos e portais temáticos.
- Tablets.
- Impresoras.
- Recursos da Biblioteca (contos ou similar).

9. METODOLOXÍA.

A metodoloxía empregada estará baseada nun **enfoque cooperativo** e nunha **participación activa**, nos que todos os membros da comunidade poidan expresarse e facer propostas. Partindo do debate para chegar á resolución conxunta dos diferentes temas.



Partirase do deseño universal (DUA) coa finalidade de logra a inclusión de todo o alumnado con independencia da súa diversidade.

Ademais, partirase dun **enfoque construtivista** que será levado a cabo por profesionais cualificados nun ambiente propicio onde se traballa ao redor de diversos proxectos que favorecen especialmente ao alumnado con NEAE ao permitir compartir cos seus compañeiros/as actividades e tarefas non só curriculares, favorecendo así a súa integración e relación persoal.

A axuda no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con NEAE realizarase no seu grupo clase polo equipo docente, adoptando as medidas acordadas e oportunas e recibindo o apoio das especialistas de PT e AL, dentro e fóra da aula. As pautas de intervención serán decididas polo Departamento de Orientación tendo en conta as necesidades que presenta o alumnado, as posibilidades que se teñan e o obxectivo de favorecer unha aprendizaxe significativa e funcional.

O desenvolvemento das actividades estará baseado nas seguintes estratexias metodolóxicas:

- **Reunións colectivas:** equipo docente, titor/a con familias, xuntas de avaliación, Departamento de Orientación, Claustro, CCP, Consello Escolar, comisións...
- **Reunións individuais** entre os diferentes membros da comunidade a través de entrevistas para intercambios de información.

10. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Para propoñer uns obxectivos e poder constatar cal é o seu grao de consecución é necesario levar a cabo un proceso de avaliación. Neste caso a avaliación abranguerá tres momentos:

- **Avaliación inicial:** permitirá organizar a intervención educativa co alumnado a través da detección das súas necesidades. Para iso empregaranse os datos da memoria final, a avaliación global do alumnado do curso pasado, os datos



obtidos da avaliación inicial dos alumnos/as así como as demandas realizadas nos distintos niveis.

- **Avaliación continua ou formativa:** facilitará adaptar as actuacións ás demandas e necesidades existentes. Desenvolverase durante cada sesión e en momentos puntuais de modo que servirá de guía e orientación sobre como se esta a desenvolver o proceso de ensino/aprendizaxe. Basearase nos resultados das diferentes actividades que se leven a cabo, ademais da valoración sobre elas de docentes, familias, etc. Dunha forma periódica, reunirse o DO para analizar a marcha das diferentes actividades e programas propostos para este curso académico, realizando as oportunas melloras e modificacións. Farase unha revisión trimestral de ditas actividades.
- **Avaliación final ou sumativa:** analizarase o grao de consecución dos obxectivos propostos para cada alumno/a mediante uns criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis. Teranse en conta os datos das outras avaliacións e as reflexións do profesorado que permitirán saber se os obxectivos propostos foron axeitados e realistas.

Ademais do proceso de aprendizaxe do alumnado, avaliarase o propio proceso de ensino para perfilar obxectivos de traballo, modificar a intervención en función do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe e obter información dos resultados acadados.

No mes de xuño realizarase a avaliación deste Plan, dos procesos e dos resultados, que se incorporará á **Memoria do Departamento de Orientación** que incluírá unha reflexión sobre os logros acadados e as dificultades atopadas, así como posibles medidas para palialas e establecendo plans de mellora para o vindeiro curso.

Entre os **criterios de avaliación** que se terán en conta, cabe subliñar os seguintes:

- Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos.
- Implicación e participación dos diferentes profesionais.



Para concluír, resaltar que esta programación terá un carácter aberto, flexible e revisable co obxecto de contribuír á mellorar a calidade do ensino.

11.4. PLAN DE DINAMIZACIÓN DAS TIC.

1. Introducción.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece como un dos obxectivos desta etapa o que se cita a continuación: *Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.*

Polo tanto, a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe levarase a cabo de xeito gradual.

A variedade de materiais e medios que poñen á nosa disposición as TIC suporá un recurso máis no que concirne a adquisición das competencias clave (competencia en comunicación lingüística (CCL), Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM) e da Competencia dixital (CD), entre outras).

A súa importancia social e cultural fan necesaria a adquisición de coñecementos e habilidades para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos ámbitos de aprendizaxe, familiares e de lecer, especialmente nos últimos cursos da educación primaria.

Para que os obxectivos que plantexamos se poidan levar a cabo, algúns membros do equipo levarán a cabo formacións individuais, grupais e de docencia a través das actividades ofertadas en *FProfe* ou outras entidades e parte do claustro levará a cabo o PFPP *LIÑA Competencia didáctica.*



2. Obxectivos.

A) Obxectivos xerais:

- Dar continuidade ao Plan Dixital, intentando conseguir os obxectivos marcados no plan.
- Fomentar o uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe tanto nas etapas de educación infantil como na de educación primaria.
- Favorecer a utilización dos medios informáticos por parte do profesorado nas súas tarefas habituais do centro: programacións, memorias, comunicacións, actividades,...
- Xestionar e optimizar o uso dos recursos tecnolóxicos do centro mediante a revisión e o mantemento dos mesmos.
- Continuar co proceso de mellora do equipamento informático do colexio, tendo en conta as diferentes necesidades.
- Continuar co uso da páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella> como medio de comunicación co resto da comunidade educativa.
- Actualizar a páxina web cos datos do curso actual.
- Elaborar e actualizar o inventario dos medios existentes.
- Empregar os recursos de Espazo Abalar.
- Comezar co Proxecto E-dixgal en 5º de Educación Primaria e continuar en 6º.
- Resolver os problemas que xurdan con respecto a E-dixgal.
- Dar facilidades ao profesorado e ao alumnado para traballar cos ordenadores do proxecto E-dixgal.
- Dar a coñecer os recursos dos que dispón E-dixgal.
- Informar as familias de todo o necesario con respecto a E-dixgal.
- Impartir sesións de informática, empregando os ordenadores portátiles almacenados no carro de carga, co fin de que coñezan os elementos dun ordenador, mellorar no manexo do rato ou familiarizarse con diferentes recursos TIC relacionados coas materias que se imparten na aula.



B) Obxectivos para o profesorado:

- Usar as TIC na aula como medio didáctico complementario para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
- Empregar o ordenador para tarefas xerais e cotiás: programacións, avaliación, informes, fichas, etc.
- Consultar e obter información a través das TIC tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Usar os recursos que proporciona o Proxecto Abalar.
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- Seguir facendo uso de Abalar para a comunicación coas familias, tanto na etapa de educación infantil como na de educación primaria.
- Continuar co traballo na Aula Virtual do centro.
- Dotar ao alumnado de 5º e 6º de estratexias e habilidades para o uso dos equipos que teñen á súa disposición dentro do Proxecto E-dixgal.
- Aproveitar os ordenadores da aula de informática para, por un lado, renovar equipos da biblioteca e por outro, cos portátiles, xuntalos no carro de carga para poder dispor dun ordenador para cada alumno/a e poder empregalos tanto nas clases de informática como nas asignaturas que considere cada mestra/e.
- Participar no PFPP de Competencia Didáctica.

C) Obxectivos para o alumnado:

- Usar o panel interactivo nas aulas de infantil e 1º e 2º de educación primaria para levar a cabo actividades.
- Utilizar programas educativos que faciliten a aprendizaxe.
- Utilizar o ordenador nas aulas de 5º e 6º como medio de investigación para ampliar coñecementos, sempre que os medios dispoñibles o permitan.



- Continuar co uso da Aula Virtual en 4º de primaria.
- Informar, ao profesorado e ás familias, das dificultades que poidan xurdir en E-dixgal para poder solucionarlas.
- Conservar e coidar o material TIC propio e o do centro.

3. Organización e materiais TIC.

A) Equipo:

- Marcos Bóveda González.
- Sandra Domínguez Pérez.
- María de los Ángeles Lorenzo Barral.
- Maryem Sali Duque (dinamizadora).

B) Funcións do equipo TIC:

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
- Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro contando co apoio do técnico da empresa de mantemento que presta dito servizo ao centro.
- Dar soporte e orientar, no uso didáctico do equipamento informático do centro, ao resto do claustro.
- Continuar coa administración da páxina web e da Aula Virtual do colexio.
- Asesorar no mantemento e configuración do sitio web do centro.
- Organizar e xestionar os medios e recursos tecnolóxicos do centro.
- Informar das necesidade de equipamento no centro.
- Xestionar as incidencias con respecto ao material TIC.



C) Materiais TIC ao comezo o curso 2023/2024:

A) Administración.

- Dirección: un ordenador portátil conectado a unha pantalla e á fotocopiadora de secretaría.
- Secretaría: un ordenador conectado a unha fotocopiadora que fai funcións de impresora.
- Xefatura de estudos: un portátil conectado a unha fotocopiadora que fai funcións de impresora.

B) Aulas.

- Todas as aulas de infantil e do primeiro ciclo de primaria contan cun ordenador e cun panel interactivo.
- O resto de aulas de primaria conta cun ordenador, cun proxector e cun encerado dixital. Na aula de 4º o EDI funciona, aínda que dando moitos fallos; a pesar de ser unha incidencia aberta hai tempo, non se dá solucionado.
- A aula de Inglés dispón dun ordenador portátil, un proxector e un EDI.
- A aula de música dispón dun portátil e dun proxector.
- A aula de relixión dispón unicamente dun ordenador de mesa.
- Tanto a aula de P.T. como a aula de A.L. dispoñen dun ordenador e dunha tableta.
- O departamento de Orientación conta cun ordenador conectado a unha impresora.
- A sala de profesorado conta con dous ordenadores conectados a unha impresora.
- A biblioteca dispón de tres ordenadores para consulta, un ordenador conectado a unha impresora, un proxector, un EDI, unha pantalla para proxeccións e 5 tabletas para uso do alumnado durante os recreos o en momentos que considere o profesorado.
- Contamos con 24 ordenadores portátiles cedidos pola Consellería. Estes utilizados nas sesións de informática na aula ordinaria; ademais, os titores contan cun horario para usalos no resto de materias.



11.5. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

1. INTRODUCCIÓN.

O CEIP Cidade Vella conta cunha matrícula de 190 alumnos e alumnas escolarizados; 56 nas tres aulas de educación infantil (5 en 3 anos, 11 en 4 anos e 20 en 5 anos) e 134 nas seis aulas de educación primaria (18 en 1º, 24 en 2º, 24 en 3º, 19 en 4º, 24 en 5º, 25 en 6º).

O Claustro está conformado por 4 mestras de educación infantil, 6 titoras/es de educación primaria, mestra de E.F., mestra especialista en lingua estranxeira (inglés), mestra especialista en Música, mestra de Relixión Católica (Compartida co CEIP Manuel Murguía), 2 mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica (unha delas compartida co IES Monte das Moas), mestra especialista en audición e linguaxe (compartida co CEIP San Pedro de Visma) e Xefa do departamento de Orientación (compartida co CEIP Torre de Hércules). Como persoal non docente, contamos cunha conserxe, unha auxiliar educativa e dúas persoas encargadas da limpeza.

O equipo de Dinamización da Lingua Galega do curso 2023-2024 estará conformado por:

- Ana María Paredes Candal (titora de 1º de E.P.).
- Ana María Gómez Seijas (titora de 3º de E.P.).
- Carlos Sastre de Vicente (titor de 6º de E.P e coordinador do equipo).
- Ana María Rocha Souto (mestra de EI).
- Ana Eva Suárez García (mestra de música).

O Equipo manterá unha xuntanza mensual, como mínimo, os luns en horario de tarde, a xuntanza será de carácter presencial ou cando proceda por vídeoconferencia e reunirse cando sexa preciso para concretar os obxectivos e actividades a desenvolver ao longo o curso, dirixidas a potenciar o uso da lingua galega na vida escolar. Así mesmo, o coordinador establecerá reunións mensuais cos coordinadores e coordinadoras dos Equipos de Biblioteca, Actividades Complementarias e Extraescolares, e TIC para establecer liñas de actuacións comúns.



- VALORACIÓN DA PROGRAMACIÓN PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADA NO CURSO ANTERIOR.

A valoración global da consecución dos obxectivos propostos na programación e o desenvolvemento das actividades no curso 2022-23 foi positiva. Continuaremos coa realización de actividades e actuacións que contribúan tanto a desenvolver a expresión e comprensión escrita coma o achegamento a nosa cultura.

Este ano todos os Equipos do centro iremos artellando o traballo no desenvolvemento dun Proxecto común asociado ou relacionado con Xogos e Deportes.

3.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

A escola é un elemento de integración social e cultural de primeiro orde, polo tanto é moi importante ter en conta o contexto lingüístico do noso centro.

a.- Contorno sociolingüístico do centro.

O emprazamento do CEIP Cidade Vella é urbano, onde o alumnado escolarizado procede, na súa maioría, dun entorno castelán- falante, o que implica que a nivel lingüístico a lingua empregada habitualmente sexa o castelán. Aínda así, hai que subliñar que ámbalas dúas linguas conviven tanto na escola como a nivel familiar e noutros momentos da vida cotiá (rúa, xardíns, colexio, compras,..) utilizándose con espontaneidade.

b.- Situación actual do profesorado.

O profesorado que desenvolve a súa labor educativa neste centro utiliza indistintamente ambas linguas, algúns mestres empregan maioritariamente o galego, aínda que son unha menor porcentaxe do claustro. No noso centro as materias son impartidas nas linguas correspondentes: Lingua Galega, Lingua Castelá e Lingua inglesa.



O feito de ter certa predominancia do castelán non implica en ningún caso unha actitude desfavorable cara ao galego e á súa normalización lingüística, todo o contrario, de feito maniféstase unha boa disposición á potenciación da lingua galega e á adquisición dun grao de coñecemento e dominio que posibilite o seu emprego dun xeito espontáneo e fluído en tódalas situacións. Participando nas actividades e propostas realizadas pola coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística e propostas que veñen desde o Equipo de Biblioteca, que emprega preferentemente o idioma galego.

Por outra banda, a instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, establece que no ensino primario, o alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio da lingua que teña o alumnado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición das dúas linguas oficiais en igualdade. A avaliación realizarase conforme cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos de cada materia.

Na educación primaria as materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartiranse en galego as áreas de ciencias sociais e ciencias da natureza, e en castelán a materia de matemáticas.

c.- Situación actual do alumnado.

O alumnado inmerso neste contorno sociolingüístico é, consecuentemente e na súa maioría, castelán-falante, manténdose a mesma duplicidade lingüística xa constatada noutros apartados, é dicir, a utilización de ámbalas dúas linguas, nos distintos momentos da vida escolar e familiar.



Tendo en conta a *Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza sobre este*, tal como se establece nesta, consideraremos na programación anual do centro o resultado da pregunta mencionada, a realidade sociolingüística do contorno e a garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares e, polo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

Así as cousas, sendo o castelán a lingua maioritaria do alumnado e dado que no contorno hai unha escasa presenza da outra lingua, será necesaria unha presenza importante do galego dende o inicio da escolaridade. Polo tanto, para conseguir o dominio progresivo das dúas linguas, o galego será introducido dende o comezo do cuarto curso de educación infantil, de xeito que os alumnos e alumnas se acostumen a escoitar abundantes mensaxes orais nesta lingua por parte do profesorado, sen forzar en ningún momento a lingua de expresión do alumnado. Ademais das interaccións orais profesorado-alumnado, outras actividades importantes que permitirán introducir o galego nas aulas de educación infantil dun xeito lúdico e motivador son os contos e as cancións.

As actividades relacionadas coa lectoescritura comezarán facéndose en castelán, pero desenvolveranse case paralelamente en galego só cun mínimo desfase temporal, facendo fincapé na especificidade propia de cada unha das linguas (fonemas comúns, variación nas palabras nas dúas linguas, etc).

Cabe destacar a boa disposición do alumnado cara o emprego da lingua galega, non existindo prexuízos de ningún tipo para o seu uso ou para o desenvolvemento de calquera actividade que se programe nesa lingua ou nas actividades que eles mesmos escollen (realización de traballos de aula, lecturas, cancións, películas, actuacións en festivais e distintas celebracións, etc.).



d.- Situación ambiental lingüística do centro.

En xeral, valorando todos os datos expostos nos apartados anteriores, pódese dicir que a situación lingüística do centro mostra unha convivencia da lingua galega e castelá, agás lóxicamente na aprendizaxe das áreas sinaladas por lei, nas conmemoracións, na realización de traballos para a súa exposición, tanto oral como escrita, e nas comunicacións, do centro con outras institucións e coas familias onde se utiliza sempre o galego; co que pretendemos apoiar a nosa lingua fronte a un entorno maioritariamente castelán falante, avogando polo bilingüismo, coñecemento e uso de ambas linguas por parte de toda a comunidade educativa.

Hai que facer constar que a ANPA nos seus comunicados utiliza o castelán ou o galego, con predominio do primeiro, e a nivel oral tamén alterna o galego e o castelán dun xeito espontáneo. Nas actividades que se desenvolven no centro pola tarde, organizadas polo Concello baixo a denominación de Programa de Ocio Educativo (POE), a lingua empregada na escrita é a galega pero na fala tamén existe unha convivencia espontánea e harmónica das dúas linguas.

- **OBXECTIVOS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.**

En primeiro lugar, sinalar os obxectivos que nos propoñemos, extraídos do Plan Lingüístico do noso Centro, para pasar a continuación ás actividades a desenvolver no presente curso escolar.

4.1. Obxectivos.

O **obxectivo xeral** é *fomentar o uso do galego no noso centro educativo coa implicación dos membros da comunidade educativa contribuindo deste xeito á creación dunha actitude positiva no tocante a nosa lingua propia e á dinamización lingüística do contexto.*



Para acadar este obxectivo, teremos presentes os seguintes **obxectivos específicos**:

a.- Obxectivos para a potenciación do galego no contorno sociolingüístico do centro.

- Difundir a lingua e a cultura galega no entorno. O centro constitúese como axente dinamizador e divulgador no propio centro e de cara aos axentes externos, procurando a implicación de toda a comunidade educativa, especialmente o propio alumnado como elemento do cambio. Continuar coa difusión das actividades do Equipo de Dinamización da Lingua Galega mediante o uso das TICS.

- Participar nas actividades relacionadas coa dinamización lingüística promovidas polas institucións, entidades ou asociacións do noso contorno mais próximo. Manter un contacto e colaboración con outros centros educativos e organismos cos que compartir este obxectivo común e que desenvolven actividades empregando como lingua vehicular o galego e relacionadas coa nosa cultura e as nosas letras: Biblioteca Municipal, Seminarios de Galego, CGAI, Fórum Metropolitano, Museos (Luís Seoane, Belas Artes, MACUF...), Concello...

- Dentro do entorno escolar e como elemento de visibilidade de cara a comunidade educativa, tamén é obxectivo destacado o mantemento da páxina web do centro que recolle blogues de aula, traballos do alumnado, fotografías e vídeos das actividades desenvoltas en distintos momentos do curso escolar.

Neste eido, estamos a concretar, como tema catalizador das diferentes actividades do alumnado **“Xogos e deportes”** destacando aspectos como :

➤ Xogos tradicionais: Buxaina, canicas, chave, petanca, ra...



- Xogos de mesa clásicos: Parchís, oca, damas, tres en raia, xadrez...
- Deportes clásicos: fútbol, baloncesto, voleibol, balonmán, rugby...
- Facer fincapé na parte emocional /lúdica/ educativa en valores dos deportes e xogos

Cada aula tratará algún/s destes aspectos en función da organización do seu curso, sendo flexible este esquema de traballo, podéndose engadir ou suprimir ítems inicialmente aquí planteados.

Integrámonos neste traballo os equipos do centro (biblioteca, TIC, EACE e EDNL), para o deseño de actividades e propostas a desenvolver na lingua galega (tanto no oral como na escrita).

b.- Obxectivos para a potenciación do galego entre o profesorado.

- Informar sobre a lexislación vixente en materia lingüística e sobre os datos obtidos nas enquisas para a análise sociolingüística do centro.
- Difundir materiais en galego de carácter bibliográfico, audiovisual e para a realización de actividades de tradición galega.
- Estender a utilización do galego de xeito que se converta na nosa lingua habitual e non só nas festividades ou conmemoracións do centro.

Polo que se refire ao profesorado o obxectivo principal segue a ser acadar un bo dominio da lingua galega en todas as súas manifestacións que nos faculte, non só para impartir a docencia nesa lingua, senón tamén para incorporala á nosa vida cotiá dun xeito paralelo á lingua castelá e para utilizala con espontaneidade nas conversas e na escrita. Ademais, manter o interese por abranguer as diversas facetas do galego, dende a lingüística propiamente dita ata as súas variadas e orixinais manifestacións culturais, e ser quen de transmitirle aos alumnos esas valoracións.



Mensualmente, o EDLG enviará ao claustro información sobre temas de interese (xornadas, cursos, materiais, recursos na rede, bibliografía, festas de interese...) que nos permitan o acceso á cultura e lingua galega, como canle vehicular de aprendizaxe.

c.- Obxectivos para a potenciación do galego no alumnado.

- Estimular a lectura de libros en galego, difundir novidades editoriais de interese e o coñecemento de autores galegos.
- Fomentar a expresión oral en lingua galega potenciando as actividades artísticas orais tales como cancións, poesías, ditos populares ou relatos.
- Propiciar a creación literaria en galego, favorecendo a realización de actividades e traballos grupais na nosa lingua, en prol de favorecer o coñecemento e respecto da nosa cultura e tradicións.
- Fomentar o interese pola audición de música galega.
- Dar a coñecer a vida e obra do autor/a homenaxeado no Día das Letras Galegas.
- Continuar coa difusión da revista escolar.

O obxectivo prioritario é, sen dúbida, a adquisición dun nivel de coñecemento da lingua galega que lle permita ao alumnado empregala, comprendela e sobre todo valorala en todos seus aspectos, recuperala e ser quen de difundir a súa utilización coa mesma naturalidade e as mesmas oportunidades que o castelán.

Os alumnos e alumnas teñen que ser conscientes da riqueza que supón o coñecemento e o dominio do galego como vehículo de expresión, e da riqueza que encerra a posibilidade de expresarse nesas dúas linguas. A través da lingua temos acceso á nosa cultura e patrimonio, que nos fai únicos.

d.- Obxectivos para a potenciación do galego no centro.

- Continuar a ampliación dos fondos bibliográficos, fonográficos e audiovisuais con novos materiais.



- Utilizar as TICS para difundir as actividades desenvolvidas polo EDLG. Fomentar o uso da web do centro para a publicación de contido e actividades que potencien o uso do galego e a nosa cultura. Así mesmo, favorecer a creación de blogues de aula para a difusión dos traballos realizados e fomentar a investigación e acceso as novas tecnoloxías en galego.
- Fomentar o uso de sistemas operativos en galego nos ordenadores, tabletas e outros dispositivos do centro.
- Organizar as actividades de celebración do Día das Letras Galegas e colaborar co resto dos equipos no deseño e posta en marcha de celebracións relacionadas coa nosa cultura (Samaín, magosto...).
- Potenciar no ensino a presenza da realidade galega e as diversas manifestacións da súa cultura. Procuraremos desenvolver tanto a parte oral como a escrita.

Segue a ser prioritario implicar e concienciar dun xeito activo a toda a Comunidade educativa no Plan de Dinamización Lingüística do Centro. O centro, como quedou de manifesto nos apartados anteriores, persiste no obxectivo acadar un ambiente positivo e de valoración cara á utilización da lingua galega por parte dos seus integrantes, de xeito que estes se relacionen entre si con normalidade e espontaneidade nesa lingua en calquera dos momentos da súa estancia no centro escolar e tamén fóra del. Procuraremos desenvolver tanto a parte oral como a escrita.

O alumnado de 5º e 6º forma parte do proxecto EDIXGAL polo que será obxectivo aproveitar os medios tecnolóxicos e dixitais para achegarlles os contidos da lingua e literatura galegas.

4.2. Actividades e actuacións a desenvolver.

a.- Actividades para a potenciación do galego no contorno lingüístico do centro.

Rúa Ferrerías, 1

15001 A Coruña

881960701

ceip.cidade.vella@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cidadevella>



O fomento do uso do galego no contorno lingüístico do centro pode canalizarse a través dos compoñentes persoais que conforman a nosa pequena comunidade escolar: o alumnado e as súas familias e o persoal docente e non docente do centro serán os encargados e destinatarios de desenvolver as actividades que promovan a difusión e asentamento da lingua.

Propoñemos actividades que precisan da implicación das persoas do entorno para a súa realización, tales como:

- Intercambio de experiencias con todo tipo de organismos e centros que teñan o galego como lingua habitual.
- Mantemento de contactos cos Servizos da Administración relacionados coa promoción da lingua galega: Gabinete de Normalización Lingüística da Delegación Provincial de Educación, Servizo de Normalización Lingüística do Concello, Bibliotecas Municipais, Fórum, Macuf, Museos ... para pedir asesoramento, participar nas actividades que convoquen, facer suxestións etc.
- Seguimento das actividades deseñadas por diferentes entidades culturais e/ou educativas, entre elas o Seminario Galán do que forma parte activa algún membro do noso profesorado, para traballar, en definitiva, celebracións como o Samaín, O Apalpador, o Entroido, Día de Rosalía de Castro, Día das Letras e semana da prensa; achegando así non só a lingua senón os costumes e tradicións da nosa Terra que forman parte da nosa arraigada cultura.
- Realización de actividades didácticas sobre temas históricos e do patrimonio cultural, aproveitando a localización do noso centro na Cidade Vella, partindo do entorno máis próximo ata abranguer toda a cidade.



- Recopilación de contos populares, xogos tradicionais, cantigas, poemas, costumes, refráns, receitas (do Entroido,...), para o que será importante a implicación das familias ...
- Participación en actividades do centro, das persoas do entorno que desenvolvan un oficio ou actividade artesanal ou tradicional de interese para os alumnos/as.
- Colaboración das familias en todo tipo de actividades: elaboración de receitas típicas, disfraces, refráns, contacontos, entrevistas, investigacións...

b.- Actividades para a potenciación do galego no profesorado.

- Entrega aos mestres da documentación que incide no uso da lingua galega (lexislación vixente, situación sociolingüística do centro e decisións adoptadas con respecto ao uso da lingua de acordo coa normativa vixente) así como material demandado para potenciar a incorporación do uso do galego ao ensino nas áreas do currículo (dicionarios, por exemplo). Ademais, elaboraranse novas con enlaces de interese para fomentar o uso de recursos da rede que fomenten o uso do galego e que leven a cabo proxectos onde o principal contido sexa o noso idioma e a nosa cultura, as nosas tradicións e a nosa obra literaria e artística.
- Achegamento aos recursos dos TIC para a actualización e a diversificación da aprendizaxe e o perfeccionamento da lingua galega. Participación na páxina web do centro e Blogues de aula.
- Incorporación do software en galego para a Educación Infantil e de Recursos Educativos para E.P. (Intranet).
- Elaboración e exposición de traballos e deseño de actividades tanto en torno a temas da programación como do noso proxecto anual "*Xogos e deportes*" (*nome provisional*).



- Establecemento de contactos con outros centros escolares e institucións ou organismos que teñan tamén como obxectivo a dinamización do galego: Gabinete de Normalización Lingüística, Seminarios de Galego, Concello...

c.- Actividades para a potenciación do galego no alumnado.

- Realización e exposición de carteleiras, redaccións, traballos de investigación, etc. partindo dos temas incluídos na programación da aula e do noso proxecto interdisciplinar, relacionado cos *"Xogos e deportes"*.
- Conmemoración de datas sinaladas: Día da Árbore, Día do Libro, Semana da Prensa, etc
- Celebracións específicas do Día de Rosalía. Sumarémonos un ano máis a esta iniciativa promovida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) realizando actividades ao redor desta autora galega tan significativa, como por exemplo exposicións da súa obra, ilustracións ou recitados de pequenos fragmentos dela, elaboración de puntos de libro sobre algún dos seus poemas..., e celebración do Día da Muller, a través de exposicións de libros e actividades sobre mulleres galegas relevantes na nosa historia.
- Participación das celebracións tradicionais Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas,...

Para o desenvolvemento de todas estas actividades pode facerse ademais unha selección de contos, películas, cancións ou xogos en torno ós temas que posibilitarán dun xeito lúdico a adquisición de información e o asentamento de conceptos e vocabulario traballado e, se o tema o merece, a celebración conxunta con actuacións varias.



- Creación colectiva das coplas de Entroido: partindo dunha música popular elaboraranse na aula estando todas elas relacionadas co proxecto deste curso vencellado ás estacións do ano.
- Adquisición de bibliografía (libros, contos, cómics) en galego, abranguendo todos os niveis de educación infantil e primaria.
- Lectura de resúmenes, obradoiros de contos, poemas, traballos de investigación nas aulas correspondentes.
- Participación en concursos variados (de debuxo, culturais, de vocabulario, adiviñas, sopas de letras, encrucillados xigantes, dominós,...).
- Realización e cada aula de dramatizacións, recitados en diálogos en cada conmemoración do ano.
- Participación activa nas actividades organizadas polos distintos Equipos do centro
- Participación dos alumnos/as en talleres de prensa, radio e blogues.

d.- Actividades para a potenciación do galego no centro.

- Elaboración e exposición de slogans, paneis, frases ou diálogos para a promoción da lingua galega dun xeito dinámico e lúdico, partindo das actividades propostas polos equipos de dinamización e biblioteca para o centro.
- Exposición permanente de traballos en galego realizados polos nenos e nenas de creación, investigación, poesía, ...
- Invitación por parte do Centro para que persoas destacadas nos distintos ámbitos da cultura galega acudan ao colexio a impartir charlas formativas.
- Colaboración con outros centros, institucións e organismos que apoiem ao centro no fomento da lingua galega.



- Adquisición de todo tipo de material fonográfico e bibliográfico en galego. Adquisición de materiais para ampliar o fondo: libros de literatura infantil e xuvenil, CDs de música galega ou DVDs.
- Actualización dos medios informáticos para facilitar o acceso a novos métodos de formación.
- Promoción de todo tipo de actividades, tanto complementarias como extraescolares, relacionadas co fomento da lingua galega.
- Continuar coa publicación tanto en formato impreso como en formato dixital da revista do colexio "Tempo de novas" que recolle unha mostra de traballos de todo o alumnado do centro en lingua galega.

* Colaboración permanente entre os distintos Equipos de traballo para realizar conxuntamente o deseño, planificación e elaboración de actividades que impliquen a todo o centro: Equipo de Biblioteca, de Actividades Extraescolares, de TIC e por suposto o de Dinamización da Lingua Galega. Estamos todos vertebrados a través dun proxecto común que este ano versa sobre *"Xogos e deportes"*.

- Mantemento do Tempo de lectura: Sesión diaria de lectura dos libros da biblioteca da aula e do centro, desenvolvida na clas.
- Incorporación de alumnado de diferentes niveis á plataforma de lectura dixital que se promove baixo o soporte da Consellería de Educación E-LBE.2 con abundante material de lectura en galego .
- Realización de encontros coas persoas implicadas no proxecto educativo do centro (ANPA, monitores do POE,...) para darlles a coñecer este proxecto e solicitar a súa colaboración e implicación activa.



- Continuidade da páxina web do Centro, incorporando a páxina web da biblioteca, e continuidade nos blogues de aula facendo fincapé nas actividades feitas en galego enfocadas dun xeito multidisciplinar.
- Realización de actividades plurianuais e interdisciplinares, actividades Extraescolares, Tic e Dinamización Lingüística e que estenden as súas actividades a todas as celebracións que se desenvolven no centro ao longo do curso integrando dun xeito dinamizador a toda a comunidade educativa.
- Continuación coa realización de actividades que teñan que ver coa CIDADE VELLA, que é o enclave social, cultural e histórico onde se sitúa o noso centro, usando tanto materiais documentais tradicionais como información dixitalizada. Incorporando os mesmos a carteis e fichas así como aos blogues de aula á páxina web do colexio.

Sinalar que a nosa proposta pode sufrir cambios co devir propio do curso pero intentaremos aproveitar todas as oportunidades que poidan xurdir en relación ao fomento do uso e desfrute da nosa lingua sempre coa colaboración dos outros equipos de centro. O EDLG está aberto a aquelas novas oportunidades que contribúan á consecución dos obxectivos do Plan Lingüístico de Centro, razón de ser da nosa presenza.



11.6. PLAN DE LECTURA.

1.- INTRODUCCIÓN.

A educación Primaria é a etapa de consolidación das capacidades lectoras e escritoras, e é absolutamente necesario dispoñer dun sistema de adestramento para o desenvolvemento progresivo destas habilidades lectoras ao longo de toda a etapa. Primeiro deben aprender a ler e escribir, despois aprender a ler, escribir e comprender textos de maior dificultade e máis diversos.

Unha das causas do fracaso escolar é a falta de comprensión do que lee o alumnado e a consecuente incompetencia tanto para entender conceptos coma para responder axeitadamente ás tarefas propostas na aula. A primeira responsabilidade da escola é a de formar lectores competentes, é dicir, que conten cos mecanismos mentais necesarios para entender e expresar o que se lee, se escoita e se escribe na aula.

Por iso o Proxecto Lector céntrase nas habilidades básicas, no reforzamento das destrezas tradicionais: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comprensión das mesmas e o gusto pola lectura.

Pero o desenrolo das competencias lingüísticas é una tarefa interdisciplinar que ten que estar presente en todas as materias do currículo. A comprensión de textos orais ou escritos é necesaria para entender as explicacións dos/as mestres/as; polo tanto, o desenrolo das competencias lingüísticas é responsabilidade de todo o profesorado, non só dos que imparten as linguas.

O Proxecto Lector terá que facer reflexionar a todo o profesorado do centro sobre o traballo interdisciplinar da lectura e da escritura para poder adoptar estratexias que permitan o desenrolo en todas as áreas do currículo.

As decisións tomadas quedarán reflectidas no **Plan Anual de Lectura**, que ten como finalidade coordinar as actuacións que os/as mestres/as levan á práctica diariamente; polo tanto debe ser un instrumento dinámico, e susceptible de posibles adaptacións ou modificacións.



A xustificación da mesma vén dada pola Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, que recolle no seu preámbulo e nos principios pedagóxicos o fomento do hábito lector e se dedicará un tempo diario na práctica docente de todas as materias.

Ademais o *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, no seu TÍTULO III, artigo 33 e o *DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, no seu TÍTULO III, artigo 29, establecen que:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.
2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.



2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA NO CENTRO.

2.1. ENTORNO SOCIOCULTURAL.

O CEIP Cidade Vella é un centro de titularidade pública. Ten un aula por nivel educativo en Educación Primaria e tres aulas en Educación Infantil. Nel estudian, neste momento, 179 alumnos/as, distribuídos en 9 aulas, nas que traballan 17 mestres/as, practicamente todos/as con destino definitivo.

A poboación está configurada por familias asentadas dende hai tempo no barrio xunto con residentes máis recentes procedentes doutros pobos, localidades ou barrios da cidade e que adoitan instalarse nas edificacións máis novas.

Dende o punto de vista económico e laboral a situación é diversa; habendo familias en que soamente ten traballo remunerado un dos proxenitores e outras nas que traballan ambos. Os veciños traballan fundamentalmente no comercio, os servizos e a industria. Os pais e nais do alumnado posúen os estudos elementais ou medios, tendo unha boa parte estudos universitarios.

Pódese concluír que o nivel socioeconómico e cultural das familias é, en xeral, medio-alto.

A) Alumnado:

O Centro conta este curso cunha matrícula de 179 alumnas/os distribuídos en 3 aulas de educación infantil e 6 aulas de educación primaria.

Entre o 10 e o 20% deste alumnado destacan os procedentes do estranxeiro aportando unha riqueza étnica propia para completar certos aspectos da educación en valores.

B) Profesorado:

O centro conta cun cadro de persoal de profesorado coas seguintes características:

- Educación Infantil: 4 mestras, 3 con destino definitivo no centro e 1 provisional.
- Educación Primaria: 6 mestres/as.
- 2 mestras de Pedagogía Terapéutica, 1 compartida co Ceip Torre de Hércules.
- 1 mestra de lingua estranxeira: inglés.



- 1 mestra de música.
- 2 mestras/es de educación física; 1 en comisión de servizos.
- 1 mestra de Audición e Linguaxe compartida co Ceip Anxo da Garda.
- 1 mestra de relixión compartida co Ceip Manuel Murguía.
- 1 Orientadora compartida co Ceip Torre de Hércules.

Á vista destes datos podemos comprobar que a estabilidade do equipo docente é moi alta, o que permite o deseño de proxectos a longo prazo.

C) Persoal non docente:

O cadro de persoal está configurado polas seguintes persoas:

- 1 conserxe empregada municipal.
- 1 auxiliar educativa para o alumnado neae.
- Persoal de limpeza: 1 traballadora que pertence a unha empresa con contrato do concello (tempo total). 1 reforzo polas tardes.

D) Instalacións:

O centro dispón no seu edificio de: 3 aulas de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria, ademáis conta cun aula de PT, unha de música/salón de actos, unha de relixión, unha de inglés, unha de orientación, unha de AL, unha biblioteca, unha aula de informática, unha sala de mestres/as, un espazo adicado a dependencias administrativas, un ximnasio e un comedor escolar.

Na parte exterior hai un patio cuberto, unha pista cuberta e un patio exterior con elementos de xogos infantís.

Dispón ademais de mobiliario escolar suficiente, renovado durante os últimos cursos no que será necesario a reposición anual do deteriorado a través do servizo de equipamentos escolares.



3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

A situación da Biblioteca é a seguinte: Está instalada nun aula do edificio principal e dispón dunha boa iluminación natural. Ten unha capacidade para aproximadamente 40-50 alumnos/as, o que permite habilitar diferentes zonas: unha zona para lectura e para realizar diferentes actividades, unha zona de xestión da biblioteca, a zona de audiovisuais e de ordenadores de consulta (3) e outra para os máis pequenos.

Os fondo bibliográficos están distribuídos en seccións: consulta, narrativa, poesía, cómic, teatro, adiviñas e inglés. Dentro da sección de consulta seguimos a CDU adaptada que aconsellan desde a asesoría de bibliotecas escolares de Galicia.

As obras de lectura están clasificadas polas idades para as que están recomendadas: azul para Pre-lectores; vermello para Primeiros lectores e verde para Lectores autónomos.

Nos estantes baixos estan os libros de literatura para os máis pequenos.

Encárganse da xestión da Biblioteca a responsable do Equipo de Dinamización de Biblioteca.

A biblioteca permanece aberta durante todo o horario lectivo e durante os recreos; cada aula dispón dunha sesión semanal reservada para a lectura, os préstamos ou a realización de traballos. Nas horas restantes a biblioteca está a disposición de todos para lectura ou consulta.

Os alumnos/as deben estar sempre acompañados por algún profesor que se faga responsable deles. O servizo de préstamo realízase durante os recreo e nas sesións semanais das que dispón cada titoría. En Educación Infantil os titores poden levar lotes de libros ás aulas e dende alí realizar o préstamo de xeito manual; para o resto do alumnado empregamos o soporte MEIGA. Encárgase da xestión da biblioteca un grupo de profesores/as: o coordinador e, alo menos, un representante de cada ciclo.



4. ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO PLAN LECTOR.

4.1. ELABORACIÓN DO PLAN ANUAL.

O Proxecto Lector de centro será a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura, que ao comezo de cada curso escolar, recollerá as actuacións, as estratexias e actividades que van a traballar os/as profesores/as do centro durante ese curso, para mellorar entre todos/as as competencias lectoras do alumnado.

A concreción anual do Plan de lectura recollerá aquelas actuacións que o centro considere relevantes para iso.

4.2. DESCRICIÓN DETALLADA DO PLAN DE ACTUACIÓNS PROPOSTO.

O Proxecto Lector supón un esforzo de sistematización e coordinación da ensinanza da lectura. Aínda que a aprendizaxe do código se realiza con relativa rapidez, posteriormente é necesario un proceso asociativo lento que require unha práctica intencionada e sistemática. A finalidade do mesmo consiste en lograr que os/as alumnos/as sexan lectores competentes, é dicir, que sexan capaces de ler con precisión e rapidez, que desenvolvan a habilidade para comprender, e que estean motivados para a lectura, ben por pracer ou porque a consideran un medio indispensable para a aprendizaxe. Teremos en conta tamén que a lectura vai estreitamente ligada á escritura e á expresión oral, polo que debe traballarse de forma conxunta.

Por todo o exposto, é necesario que o centro programe estratexias lectoras adaptadas ás necesidades do alumnado e ao mesmo tempo, propicie as condicións para que poida cultivar o hábito lector.

A) OBXECTIVOS XERAIS:

- Mellorar as competencias lectoras do alumnado e fomentar o hábito lector desde todas as áreas e todos os niveis.
- Fomentar a lectura dende un proxecto global de centro que supoña a implicación de toda a comunidade educativa.
- Planificar propostas educativas comúns a todo o centro.



- Organizar e xestionar os diferentes espazos e tempos para facilitar un traballo en equipo que impulse o fomento da lectura e escritura.
- Levar a cabo o longo de todo o curso intervencións de comprensión lectora e desenvolvemento do hábito lector.
- Elaborar estratexias metodolóxicas.
- Fomentar e practicar na aula de distintas técnicas de lectura e escritura en función da necesidade curricular.
- Utilizar a Biblioteca escolar como centro de recursos de información, de lectura e de aprendizaxe.
- Descubrir e optimizar as posibilidades de uso das tablets no fomento da lectura.
- Introducir o emprego das tablets para mellorar a competencia lectora dun xeito dixital.

B) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Ler con fluidez e entoación adecuada.
- Mellorar a comprensión lectora.
- Ampliar o vocabulario.
- Incentivar o gusto pola lectura.
- Desenvolver a expresión oral.
- Estimular a creatividade.
- Enriquecer a imaxinación.
- Fomentar o espírito de investigación.
- Desenvolver a creación de xuízo crítico.

C) INDICADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA LECTORA.:

EDUCACIÓN INFANTIL.

Para a aprendizaxe do código escrito hai que ter en conta o nivel de desenvolvemento das habilidades prelectoras preescritas: atención, percepción e discriminación visual, discriminación percepción auditiva, lateralidade, grafomotricidade, organización temporal,



sentido rítmico, memoria, conciencia fonolóxica e a metodoloxía da ensinanza da lectoescritura.

É importante que os/as alumnos/as de Educación Infantil tomen contacto con diferentes tipos de textos, que aprendan a descifrar mensaxes sinxelas que utilizan códigos distintos (imaxes, palabras, símbolos...) e sobre todo que sintan interese pola lectura. Por todo o exposto considérase conveniente traballar as seguintes actividades:

- Actividades relacionadas coa comprensión de símbolos e imaxes: utilización de pictogramas como preparación para a lectoescritura.
- Actividades sobre o nome propio, como por exemplo: facer tarxetas co nome dos/as nenos/as da clase, cun distintivo para que cada un/unha recoñeza a súa e poida utilizala para copiar o seu nome nos distintos traballos realizados.
 - Xogos de análise e comparación de nomes (nomes longos/curtos; nomes coa mesma letra inicial ou final; nomes compostos; recortes de nomes...).
 - Busca de palabras que comezan igual que o nome propio.
- Actividades ao redor do conto: presentación do soporte conto: mostrar a portada e diferenciar os seus elementos (título, ilustración, nome do autor e do ilustrador...)
- Actividades a partir do título: copia no encerado por parte do profesor e análise do mesmo (número de palabras, letras que contén, copia do título por parte dos/as alumnos/as...). Estas actividades poderían realizarse tamén despois da lectura do conto.
 - Propostas de imaxinar e facer hipótese acerca do título, do tema...
 - Lectura ou narración do conto (por parte do/a mestre/a, dos/as compañeiros/as doutros cursos e dos/as propios/as alumnos/as da aula).
 - Se se fan interrupcións durante a lectura ou narración, facer predicións do que pode ocorrer a continuación e comprobar despois se acertaron ou non.
 - Actividades de comprensión oral acerca do conto mediante un diálogo dirixido, formulando preguntas abertas.
 - Xogos de modificar o conto para fomentar a creatividade.



- Cambiar o argumento de forma premeditada (Polgariño é malo e alto e o Ogro é baixo e bo.).
 - Continuar o conto: Que fará despois Polgariño coas botas de sete leguas?.
 - Mesturar elementos de diferentes contos: Polgariño encontrouse con Carapuchiña no bosque...).
 - Inventar outros personaxes, outros títulos, outros finais..
 - Repetir a lectura do conto pero introducindo erros ou cambios que hai que descubrir.
 - Actividades de expresión artística: debuxos e dramatizacións do conto.
- Actividades sobre diferentes tipos de textos:
- Actividades con textos literarios:
 - Lerlles diferentes textos literarios, procurando diversificar.
 - Aprender diferentes manifestacións literarias, acordes co nivel dos/as alumnos/as.
 - Explicar o seu significado.
- Actividades con anuncios e folletos publicitarios:
- Recortar e seleccionar anuncios sobre un produto determinado.
 - Separar imaxes e textos de varios anuncios e emparellalos.
 - Clasificar etiquetas de diferentes produtos.
 - Inventar ou transformar anuncios.
- Actividades con textos de uso común a nivel de adultos: notas, cartas, programas de actividades..
- - Acostumar aos/ás alumnos/as a lerlles diferentes textos e indicarlles por que e para que os utilizamos nese momento (por exemplo: imos escribir unha nota aos pais para comunicarlles que hai unha reunión; imos buscar no xornal a programación para saber a que hora son os debuxos...).



EDUCACIÓN PRIMARIA.

Traballarase a lectura diaria en clase, en todas as materias, de forma silenciosa ou en voz alta, de forma individual ou colectiva.

- Lectura en voz alta, por parte do profesorado e do alumnado, tratando de conseguir unha pronunciación clara e correcta:

- - Vocalización, entoación e ritmo apropiados.
- - Eliminar o silabeo.
- - Mellorar de forma progresiva a velocidade na lectura mecánica.

- Axudar aos/ás alumnos/as na comprensión global do texto para que de forma progresiva aprendan a identificar a idea principal e as ideas secundarias.

- Ensinar a facer resumos para que aprendan a extraer o esencial. Pódense facer de forma oral e/ou escrita, de textos orais (explicacións, exposicións, documentais, vídeos...) ou de textos escritos.

- Ensinar a subliñar textos (de 3º a 6º).

- Ensinar a facer esquemas.

- Mellorar e ampliar o vocabulario de cada área mediante as seguintes actividades:

- 1º e 2º: Confección do vocabulario de cada unidade ou o listado dos termos fundamentais de cada tema, e utilización dos mesmos nas actividades que se propoñan.
- De 3º a 6º:

- Estudar as palabras destacadas.

- Deducir o significado dunha palabra polo contexto.

- Recoñecer raíces, prefixos e sufixos.

- Analizar as palabras compostas

- Descubrir no texto sinónimos e antónimos.

- Lectura en clase, por parte do profesor/a ou dos/as alumnos/as, de textos

complementarios aos de clase: periodísticos, divulgativos, enciclopédicos ou literarios.



- Realizar traballos de investigación: a realización destes traballos é unha boa oportunidade para poñer en práctica unha serie de habilidades relacionadas coa lectura tales como a selección de información, a síntese, a produción de textos.
- Proposta de lectura "obrigada" en todos os cursos dun libro por trimestre, ou prazo pertinente.

Prestarase especial atención á aprendizaxe do código escrito, à riqueza de vocabulario, á construción de oracións, parágrafos e textos, incluídos os literarios (literatura infantil e xuvenil). Nas restantes áreas hai que prestar especial atención ao vocabulario clave da área, e á familiarización coa utilización de recursos variados: dicionarios, enciclopedias, materiais en soporte electrónico.

5. ACTUACIÓNS PARA O FOMENTO DO HÁBITO LECTOR.

A animación á lectura non pode consistir exclusivamente nunha serie de actividades puntuais senón en accións incluídas na dinámica escolar e levadas a cabo con regularidade. Ademais, pode chegar a gozar coa lectura quen desenvolveu unha competencia lectora aceptable, xa que un dos motivos da falta de hábito lector radica nas dificultades de comprensión e no esforzo excesivo que pode supoñer o exercicio lector. Capacidade lectora e hábito lector inflúense recíprocamente.

5.1 FOMENTO DO HÁBITO LECTOR NA AULA.

Na aula debe reinar un clima lector, polo que hai que establecer os tempos e espazos axeitados. Lerlles todos os días, falarlles de lecturas, preguntarlles polo que len, aconsellalos sobre os intereses e necesidades..., contribúen ao desenvolvemento do hábito lector.

Preséntanse a continuación unha serie de actividades para desenvolver na aula:

Educación Infantil:

- Potenciar a Biblioteca de Aula.

- Sesións de contacontos tendo en conta as estratexias expostas anteriormente.

Educación Primaria:



- Dedicar un tempo diario á lectura dentro da aula: En todas as clases haberá unha biblioteca de aula que se renovará con frecuencia. Os/as alumnos/as poderán elixir o libro que lles guste e poderano ler ao concluír unha actividade ou no tempo libre.
- Lectura colectiva dun mesmo libro: Nalgúns momentos do curso podemos empregar o tempo de lectura para realizar outras actividades de animación á lectura como as propostas para o Día do Libro ou para preparar a visita dun/dunha autor/a. As fases do desenvolvemento desta actividade poden ser:
 - Ir lendo o libro en voz alta, aclarando o significado das palabras e expresións que presenten dúbidas.
 - Comentario oral e resumo de cada capítulo.
 - Ao finalizar a lectura do libro farase un comentario oral entre todos da historia lida, tendo en conta argumento, personaxes, lugares onde transcorre a acción, época, costumes, etc.
 - Proporcionar ao alumnado un cadro apaisado, dividido en varias viñetas; nestas debuxarán e explicarán as principais escenas do libro lido. Tamén se pode facer un debuxo libre sobre a escena que máis lles gustara,
 - Selección dos traballos de mellor calidade.
 - Elaborar un mural de exposición cos traballos seleccionados.

5.2 FOMENTO DO HÁBITO LECTOR NA BIBLIOTECA.

Establecerase unha hora semanal para cada grupo, para lectura ou realización de traballos documentais. Nas horas restantes a biblioteca está a disposición de toda a comunidade educativa para lectura ou consulta. O servizo de préstamo realizarase durante o recreo, Contando cun equipo de alumnos/as colaboradores/as de 5º e 6º. Tamén se prestarán lotes de libros ás aulas.



5.3. FOMENTO DO HÁBITO LECTOR NO CENTRO.

É importante crear un clima lector no centro de modo que se perciba a presenza da lectura ao redor de á Biblioteca Escolar. As actividades para a promoción da lectura que se desenvolven no centro son as seguintes:

- Proposta, por parte do Equipo da Biblioteca e do Equipo de Normalización Lingüística, de diversas actividades ó longo do curso, relacionadas co proxecto interdisciplinar do centro.

Elaboración das actividades nas distintas aulas.

- Encontros con escritores/as despois de ter lido algunha obra.

- Actividades organizadas dende a Biblioteca Escolar.

- Visitas guiadas á biblioteca.
- Recomendacións periódicas de libros.
- Exposicións de novidades.
- Celebración de efemérides e festas tradicionais.

5.4. APOIO AOS/ÁS ALUMNOS/ AS CON DIFICULTADES LECTORAS.

O apoio aos/ás alumnos/as xira ao redor de a dous eixes: identificación das dificultades lectoras e a intervención temperá que inclúa os apoios e os reforzos.

En principio, sempre que sexa posible, estes/as alumnos/as participarán nas mesmas actividades que os/as seus/súas compañeiros/as, e recibirán a axuda que necesiten en cada caso coas adaptacións oportunas. Farase unha valoración, por parte da orientadora, quen decidirá a periodicidade con que van a recibir este apoio e as duracións das sesións en función das necesidades detectadas e os recursos dos que se dispón. O traballo dos/as profesores/as especialistas de PT e AL centrarase fundamentalmente en aumentar as súas competencias nas áreas instrumentais.

As dificultades máis frecuentes que presentan os/as alumnos/as en lectura teñen que ver coa velocidade e a precisión lectora e coa falta de comprensión. É importante identificar pronto dificultades e as súas causas, que, a miúdo, están relacionadas cunha competencia lingüística insuficiente ou desenvolvemento deficiente das habilidades prelectoras



preescriptoras. Os aspectos a ter en conta en relación con estas habilidades prelectoras necesarias para un correcto desenvolvemento do proceso lector son as seguintes:

- Atención selectiva (realización dunha única tarefa) e sostida (concentración nela).
- Percepción e discriminación visual: recoñecemento de formas, tamaños, cores.
- Percepción e discriminación auditiva: distinción de sons e adquisición da conciencia fonolóxica.
- Lateralidade: esquema corporal; conceptos de esquerda-dereita; arriba-abaixo; direccionalidade dentro dun espazo.
- Grafomotricidade: habilidade para realizar exercicios de bucles, festóns e figuras xeométricas sinxelas.
- Organización temporal: secuencias de orde temporal (antes e despois).
- Sentido rítmico: secuenciacións rítmicas sinxelas.
- Memoria: memorización de rimas, poesías, adiviñas, exercicios de memoria visual para recoñecemento de palabras.
- Linguaxe oral: falar cunha corrección que corresponda coa súa idade cronolóxica (vocabulario e fluidez verbal).

Aos/ás alumnos/as que reciben apoio ou o teñen recibido con anterioridade, hai que facerlles un seguimento, polo que deberase ter en conta:

- Que as lecturas sexan motivadoras.
- Hai que asegurarse, mediante a formulación de preguntas, de que captan o sentido do texto.
- Que na lectura en voz alta se preste atención á pronunciación de fonemas coma o "r, s, z", así como á omisión de "l, n, r, s" en sílabas inversas, entre outros.
- Seguir as pautas marcadas polo Departamento de Orientación para cada caso.

5.5. METODOLOXÍA.

É importante concretar as actuacións comúns que o profesorado levará a cabo en relación coa lectura nos distintos ciclos e os acordos sobre o ensino das estratexias lectoras.



A) PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.

A continuación expóñense unha serie de principios que deberemos ter en conta á hora de elaborar o Plan Anual de Lectura.

- Incidir naqueles aspectos nos que o alumnado ten máis dificultades á hora de comprender e producir textos, tanto orais como escritos. No momento de establecer o Plan Lector é importante axustar as medidas ás necesidades detectadas nas diferentes avaliacións de lectura.
- Buscar oportunidades de practicar a lectura: desde cada área ou materia, cada profesor/a buscará momentos para practicar a lectura cos/as seus/súas alumnos/as, á vez que traballa a materia. O plan de lectura non debe supoñer unha sobrecarga do traballo diario.
- Non é suficiente incluír textos para traballar na clase. É importante, pero non suficiente. Hai que ensinar a ler eses textos, a entender o significado, e a reflexionar sobre os mesmos.
- Traballar todo tipo de textos: para un desenvolvemento equilibrado da lectura e da escritura debe favorecerse o contacto dos/as alumnos/as con todo tipo de textos (tanto continuos como descontinuos). Ao elaborar o Plan Anual, o equipo de profesores/as deberá determinar os textos que se traballarán de maneira prioritaria en cada ciclo, de modo que ao longo da Educación Infantil e Educación Primaria os alumnos deberán ter contacto suficiente con todo tipo de textos (narrativos, descritivos, expositivos, de instrucións...), e de xéneros textuais (o conto, a novela, a carta, a noticia...).
- Ler sen ter que oralizar: a oralización do texto ou lectura en voz alta, é a principal actividade escolar do primeiro aprendizaxe lector e é tamén a máis utilizada cando se aborda un texto colectivamente. Pero temos que ter en conta que esta práctica acostuma ao/á alumno/a a adoptar un comportamento diferente do propio dun lector, xa que, por exemplo, non lle permite controlar a lectura a partir da posibilidade de avanzar ou retroceder voluntariamente para encontrar ou rectificar informacións pois o obxectivo inmediato é acadar unha boa oralización. A consecuencia desta actividade é que os/as nenos/as non poden dedicar moita atención á finalidade da lectura -a darlle un sentido- e



habitúanse a descifrar mecánicamente sen tratar de entender o texto. Para evitalo terase en conta a asimilación das ideas de cada parágrafo, para o que será preciso unha lectura posterior fragmentada e coas interrupcións e voltas atrás precisas ata acadar a comprensión.

- A lectura en voz alta: a lectura en voz alta ten que ser unha actividade presente na educación lectora. Pero hai que ter en conta que non debe consistir nunha mera oralización do texto. O que interesa é que se produza unha situación de comunicación oral na que estará implicado o emisor e o receptor, para que sexa unha verdadeira lectura expresiva. Cando traballemos a lectura en voz alta axudaremos ao/á alumno/a a comprender que aínda que neste tipo de lectura importa moito a claridade, a vocalización, a fluidez o respecto pola entoación adecuada en cada frase, non poden descoidar a comprensión do texto.

- A lectura e a escritura son dúas actividades complementarias: da lectura extraemos significados a partir dun texto e na produción de textos damos forma a un contido mental mediante a escritura. Na aprendizaxe da escritura han de desenvolverse técnicas de organización do texto que redundan nunha mellora da lectura e á inversa.

- Ensinar estratexias de organización do coñecemento axuda na lectura.

B. ENSINANZA DAS ESTRATEXIAS LECTORAS.

O proceso de comprensión lectora implica a activación de distintas estratexias que deben ser traballadas para que poidan ser automatizadas e aplicadas en distintos contextos.

A continuación indícanse algunhas pautas para traballalas:

- Recoñecer o propósito da lectura: que ler, por que ler e para que ler. Sempre que se propoña unha tarefa de lectura ou de escritura hai que explicar a finalidade, a utilidade e o método de traballo. É de grande importancia o clima que hai que crear antes da lectura dun texto para que a actividade teña significado.

- Antes da lectura débense activar os coñecementos previos e facer previsións; durante a lectura, aclarar posibles dúbidas e formular novas hipóteses; despois da lectura, formular



e responder a preguntas, identificar a idea principal; secuenciar as ideas fundamentais que conforman a idea principal; facer resumos e comentarios.

- Técnica para eliminar o silabeo: Consiste en realizar unha lectura silenciosa repetitiva dunha palabra ou frase de reducida extensión e, unha vez dominada e adquirida a seguridade de que se vai ler con fluidez, realízase a lectura oral.

- Recoñecemento rápido de palabras: o recoñecemento rápido das palabras escritas de uso máis frecuente facilita considerablemente a comprensión. Se este recoñecemento supón moito esforzo, o lector pode concentrarse menos noutras operacións necesarias para a comprensión, como a realización de inferencias. Esta habilidade de recoñecer gráficamente as palabras ten que ver, entre outros factores, co número de veces que eses termos foron vistos escritos. É moi importante que nos primeiros niveis se traballen as palabras de uso máis frecuente dende esta perspectiva de recoñecemento visual rápido das mesmas.

Actividades que favorecen o desenvolvemento desta estratexia son, inicialmente, a aprendizaxe dos trazos definitorios das letras e, posteriormente, actividades de letras desordenadas, sopas de letras, encrucillados, encadeados, derivación de palabras, palabras compostas, reconstrución de textos, unión de definicións con palabras, etc.

- Establecer unha xerarquía entre as ideas: distinguir entre as ideas principais e secundarias require que se ensinen expresamente algunhas estratexias específicas. Para a construción dos significado global do texto existen unhas estratexias ou regras para simplificar a información:

- A selección consiste en omitir o irrelevante, é dicir, deixar de lado as informacións accesorias e non necesarias.
- A xeneralización ou substitución de varios enunciados por un máis xeral presente no texto, que os representa a todos.

Estas estratexias poden ser utilizadas para elaborar resumos, esquemas ou mapas conceptuais. Ademais a elaboración de resumos, esquemas ou mapas conceptuais poden levar a cabo outras posibles actividades que serven para traballar a idea global, como



entregar aos/ás alumnos/as dous textos diferentes xuntos para que os separen ou ofrecer un texto desordenado para que o ordenen.

- Realizar inferencias (interpretación, hipóteses, predicións, conclusións...): a inferencia é unha estratexia de razoamento imprescindible para a comprensión, xa que o texto non é nunca de todo explícito nin unívoco, senón que o lector determina o significado da mensaxe a partir do recoñecemento da intención comunicativa do emisor e do coñecemento do contexto. A falta de capacidade de inferir dificulta enormemente a comprensión. Gran parte das dificultades de comprensión dos/as alumnos/as que non presentan problemas de descodificación, radican en que non teñen suficientemente desenvolvida a súa capacidade de facer inferencias, interpretar polo que lles resulta sumamente difícil integrar ideas e información. Estas dificultades maniféstanse a miúdo nestes dos campos:

- Problemas para relacionar una idea e o seu antecedente: algunhas palabras clave (pronome, adxectivo, substantivo sinónimo, expresión anafórica) asumen o significado dunha parte anterior do texto e axudan a deducir a relación entre una idea e o seu antecedente.

- Relacións entre as ideas, moi frecuente en textos expositivos: relacións de comparación, de causa-consecuencia, de pregunta-resposta, de ordenación cronolóxica... Distintas actividades axudan a desenvolver esta estratexia. Que o profesor/a faga de modelo, realizando inferencias en voz alta durante a lectura, é unha práctica didáctica bastante habitual. A manipulación do texto por parte dos/as alumno/as das técnicas utilizadas: a fragmentación do texto en parágrafos desordenados para que sexan ordenados polos/as alumnos/as.

C) ACTUACIÓNS COMÚNS DO PROFESORADO.

Corresponde ao profesorado planificar o ensino da lectura, utilizar as estratexias lectoras e favorecer o clima para que os/as alumnos/as poidan ter ricas experiencias de lectura, dende unha intervención directa orientada á potenciación da autonomía lectora do/a



alumno/a. Isto implica atender ao proceso e non só ao resultado, polo que a batería de preguntas despois de cada texto non é o mellor xeito de ensinar as estratexias lectoras. Os acordos do profesorado respecto ás actuacións que desenvolverán nos distintos ciclos poden xirar ao redor dos seguintes aspectos:

1. Lectura en todas as áreas respectando un marco teórico compartido. Importancia do traballo preventivo, que trata de evitar que xurdan dificultades lectoras, polo que as actuacións nos primeiros anos de escolarización adquiren suma importancia no desenvolvemento lector dos/as alumnos/as (actividades de prelectura e preescritura).
2. Primacía da comprensión do lido sobre a velocidade de precisión dende o primeiro momento.
3. Selección de textos adecuados polos diferentes cursos, comprobando que respondan ás distintas actuacións de lectura.
4. Práctica sistemática das estratexias lectoras definidas para cada curso.
5. Formulación integradora da lectura nas distintas áreas lingüísticas para que se facilite a transferencia lingüística: ao estudar os tipos de textos e xéneros textuais, na produción de textos escritos, ao traballar estratexias lectoras e ao avaliar o alumnado.
6. Desenvolvemento das actividades de animación á lectura programadas para cada curso.

D) RECURSOS DO CENTRO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.

1. RECURSOS HUMANOS.

Para a realización dun plan é necesaria a implicación de todo o profesorado: equipo directivo, equipo de biblioteca e o resto de profesores/as (titores/as e especialistas). Sen a implicación de cada un dos/as profesores/as que imparten clase a un grupo de alumnos/as, difícilmente poderase levar adiante un plan de mellora da lectura, aínda que formalmente poida estar recollido nun documento. O éxito do plan de lectura depende, en gran medida, do compromiso do profesorado para levalo a cabo. Corresponde a este a adaptación das medidas acordadas a súa propia metodoloxía.



2. RECURSOS MATERIAIS.

- Fondos da biblioteca escolar.
- Biblioteca de aula.
- Tablets e ordenadores.
- Aula de informática.
- Sala de profesores.
- Aulas.
- Departamento de orientación.

3. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC) E LECTURA.

Internet abre novas posibilidades á escola como é a de acceder a grandes cantidades de información, expor os traballos dos/as mestres/as e dos/as alumnos/as e a de comunicarse con persoas que se atopan noutros lugares. Non obstante, existe o risco de que os/as alumnos/as tendan a apropiarse das información dispoñibles sen asimilalas nin convertelas en fonte de coñecemento. Este risco fai necesario que o profesorado os oriente e formule actividades nas que se esixa que os/as alumnos/as seleccionen a información e a reelaboren.

Pódense realizar moitas actividades nos centros para desenvolver as capacidades necesarias para a lectura en soporte electrónico, como a utilización de programas de ordenador para traballar a comprensión lectora e a autorregulación, a lectura de contos e libros electrónicos, a utilización da ferramenta Clic, a correspondencia escolar electrónica, a busca de información en Internet, colgar na web traballos sobre literatura infantil ou xuvenil ou sobre xeografía, costumes ou historias da zona, definir o seu blog e publicar os seus traballos, ler noticias en formato electrónico...

Por outra banda, os/as mestres/as poden dispoñer en Internet de moitos recursos sobre a lectura. O equipo TIC, tentará de manter actualizada unha listaxe de recursos sobre lectura que se poden atopar en internet, así como aplicacións para tabletas.



6. AVALIACIÓN.

6.1. AVALIACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR.

Ao longo do curso, deberase facer un seguimento e avaliación das actuacións que se desenvolven en relación coa competencia lectora e o fomento do hábito lector.

Analizaráanse, entre outros, os seguintes aspectos:

- A utilización da Biblioteca na hora asignada.
- O grao de utilización do servizo de préstamo.
- A idoneidade das actividades realizadas e dos recursos empregados.
- A colaboración e participación nas actividades organizadas.
- A temporalización das diferentes actuacións.
- A coordinación entre os diferentes equipos de profesores/as.
- A metodoloxía empregada.
- A integración dun tempo dedicado á promoción e comprensión lectora no traballo diario de aula.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.

Farase un seguimento do avance nas prácticas lectoras ó longo de todo o curso.

6.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

É necesario coñecer a opinión de todos os sectores implicados, polo que se farán enquisas ó longo do curso e se valorarán os resultados. Polo tanto débense deseñar:

- Probas de avaliación de competencia lectora dos/as alumno/as.
- Enquisas relativas ás actividades desenvolvidas, á utilización da Biblioteca do Centro, das Bibliotecas de Aula, aos hábitos de lectura, etc.
- Elaboración da memoria final.



11.7. PLAN DIXITAL.

Incorporado á aplicación Educalidade.

11.8. OUTROS.

Admitidos nos contratos-programa da consellería (CPIInclúe: Emocióna-t e CPIInnova: EDUSaúde: o centro como dinamizador de hábitos saudables) e no Plan Proxecta no programa de vida activa e deportiva (PVDA).

Continuamos dentro do Plan Proxecta a través do programa Xogade.

12. RELACIÓN DO CENTROS COAS FAMILIAS E A COMUNIDADE EDUCATIVA.

A participación das familias na vida do centro é un dos obxectivos que tentamos acadar, sabedores dos beneficios que se obteñen desta colaboración para toda a comunidade educativa, mellorando as relacións e a convivencia.

As/o titoras/o levaron a cabo reunións coas familias de presentación do curso, do seguinte xeito:

Nivel	Data	Hora-Espazo
3 ANOS	6 de setembro	12:00 Aula
4 ANOS	18 de setembro	17:00 Aula
5 ANOS	18 de setembro	17:00 Aula
1º EP	2 de outubro	16:15 Aula
2º EP	18 de setembro	16:15 Aula
3ºEP	25 de setembro	17:15 Aula
4º EP	25 de setembro	17:00 Aula
5º EP	9 de outubro	16:15 Aula
6º EP	25 de setembro	16:15 Aula

Para todo tipo de comunicacións coas familias seguiremos empregando os medios habituais nos últimos anos:



- Comunicaci3ns a trav3s de AbalarM3bil.
- Os comunicados a trav3s da web do centro
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcidadevella/>
- As axendas escolares.
- Os enderezos electr3nicos facilitados polos/as titores/as.
- O tel3fono do centro.
- O tabl3n de anuncios da entrada do colexio.
- Instagram: @ceip.cidadevella

13. DÍAS NON LECTIVO.

Foron solicitados 3 Xefatura Territorial, por sede electr3nica con n3mero de entrada 2023/2489172, o d3a 13 de outubro de 2023 e o d3a 20 de maio de 2024; o primeiro xa foi concedido e estamos 3 espera dunha resposta para o segundo d3a.

14. PLAN XERAL DE AVALIACI3N DO CENTRO.

Segundo a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenaci3n e o curr3culo da educaci3n primaria na Comunidade Aut3noma de Galicia e se regula a avaliaci3n nesa etapa educativa, ao longo do curso realizaranse unha sesi3n de avaliaci3n inicial, como m3nimo, tres sesi3ns de avaliaci3n parcial e unha sesi3n de avaliaci3n final.

As datas das tres avaliaci3ns parciais ser3n:

AVALIACI3NS	ETAPA	DATAS	ENTREGA BOLET3NS
1ª AVALIACI3N	E. INFANTIL	11 DECEMBRO	21 DECEMBRO
	E. PRIMARIA	18 DECEMBRO	21 DECEMBRO



2ª AVALIACIÓN	E. INFANTIL	11 MARZO	22 MARZO
	E. PRIMARIA	18 MARZO	22 MARZO
3º AVALIACIÓN	E. INFANTIL	10 XUÑO	XUÑO
	E. PRIMARIA	17 XUÑO	XUÑO

15. PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN XERAL.

A memoria anual do centro recollerá, os resultados da avaliación final: grao de cumprimento dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas adoptadas para a súa consecución e novas propostas.

16. APROBACIÓN DA PXA.

A presente Programación Xeral Anual foi elaborada polo Equipo Directivo coas aportacións e suxestións do Claustro de Profesores/as e o Consello Escolar avaliándose e aprobándose positivamente polo Consello Escolar na reunión celebrada o día 20 de novembro de 2023.

A Coruña, 20 de novembro de 2023.

O DIRECTOR.

Marcos Bóveda González.